En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 13458**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a situación da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros derivada do ingreso de pacientes psiquiátricos e psicoxeriátricos, así como os protocolos e os recursos humanos para a atención a estes pacientes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os ingresos nas residencias públicas de maiores realízanse por asignación de praza ás persoas que teñen o dereito recoñecido pola Lei de Dependencia a recibir un recurso residencial, ou ben mediante o procedemento de emerxencia social, nos supostos que o ordenamento xurídico recolle.

O ingreso en centros residenciais efectúase de acordo co previsto na Orde do 16 de abril de 2014 polo que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados -en centros propios ou concertados- no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal.

O artigo 3 da citada orde, en canto á regulación dos titulares do dereito de ingreso, sinala que poderán acceder aos servizos regulados no artigo 2 (entre os que se atopa o servizo de atención residencial) as persoas en situación de dependencia e se lles resolverse no seu Programa Individual de Atención (PIA) algún dos servizos regulados nesta norma.

En canto á asignación de prazas vacantes, o artigo 7 establece que se levará a cabo a través do Programa de Asignación de Recursos (PIA), conforme aos criterios sinalados nos artigos 44 e 45 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

- a) O maior grado de dependencia.
- b) A menor capacidade económica
- c) A situación sociofamiliar das persoas en situación de dependencia.
- d) A non percepción de outra prestación ao servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia
- e) A data da presentación da solicitude da valoración da dependencia
- f) A idade da persoa en situación de dependencia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Existe unha excepción a este sistema que son os supostos de emerxencia social, aos que fai referencia o artigo 16 do mesmo decreto. Este é o único suposto no que a Xunta de Galicia pode asignar unha praza pública de atención residencial sen respectar a orde establecida no Programa de Asignación de Recursos e sempre previo ditame – técnico do Órgano de Valoración e Asesoramento da Dependencia, unha vez analizado o informe social e de saúde que acrediten estas circunstancias, e cando así o aconsellen razóns de interese público debidamente documentadas e obxectivas que conleven:

- a) Unha situación de desamparo ou abandono.
- b) Malos tratos físicos e/ou psíquicos.
- c) Situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/o psíquica.

A patoloxía psiquiátrica é unha característica clínica que calquera persoa nun momento determinado pode padecer, e que non pode nin debe ser unha barreira para que unha persoa acceda a unha praza residencial se ten dereito á mesma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:36:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31503
Data envío: 18/08/2025 20:36:23.149

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 13145**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"o custo para a Administración autonómica da retirada e do tratamento dos gránulos plásticos vertidos polo Toconao , as accións contra o armador ou o propietario da carga e as medidas impulsadas polo Goberno galego ante outras administracións para previr novos episodios deste tipo nas costas galegas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

" Galicia considerou moi positiva a proposta da UE para reducir a contaminación por microplásticos mediante a prevención das perdas de pellets, que contribuirá a rebaixar nun 6% os vertidos non intencionados deste material ao medio ambiente. Expúxollo no mes de decembro pasado no Consello de Ministros de Medio Ambiente da UE -no que Galicia exerceu de voceira das CC.AA. españolas. De feito, defendeu que na nova normativa debe terse en conta os custos derivados da súa aplicación por parte das administracións. Polo tanto, é necesario que se dispoñan os correspondentes recursos financeiros e técnicos.

Nesa liña, cómpre lembrar que o accidente do buque Toconao exixiu á comunidade autónoma un amplo despregue de medios por terra, mar e aire por parte da Xunta e un gasto estimado de máis de 2,3 millóns de euros. E dado que o suceso causante dos danos ocasionados á ribeira do mar polo verquido dos pellets foi un verquido desde mar a mar, a Administración competente tanto para actuar contra o dito verquido como para esixir a recuperación dos costes incorridos é a Administración xeral do Estado del Estado.

Neste senso, o Goberno galego recorrerá aos tribunais para impugnar a decisión do Estado de non iniciar un procedemento de esixencia de responsabilidade ambiental polo incidente provocado pola vertedura de pellets do Toconao.

A Xunta trasladou por carta o pasado venres 4 de xullo, á vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolóxica, un requirimento previo á vía contencioso administrativa ante a negativa de iniciar este proceso.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Galicia vén solicitando a apertura deste procedemento desde o pasado 19 de xaneiro e a única resposta por parte do Ministerio tivo lugar en data 5 de maio.

Coa resposta dada entón polo secretario de Estado de Medio Ambiente, a Xunta entende que se inadmite a solicitude de inicio do procedemento para a esixencia de responsabilidade ambiental.

A Xunta, ademais, está a buscar unha solución extraxudicial cos responsables do vertido”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:36:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31502
Data envío: 18/08/2025 20:36:17.179

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 14145**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros deputados e deputadas, sobre **"os resultados dos simulacros organizados para verificar a eficacia dos plans de emerxencia activos, nomeadamente o que levou aparelado unha proba do sistema ES-Alert"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Ao longo de 2024 a Xunta comprobou a efectividade dos plans de emerxencias de Protección Civil con seis simulacros, catro deles con traballos de campo e dous a través de simulacións. Tratouse de accións dirixidas a facerlle fronte a unha hipotética situación de emerxencia, derivada dun suposto accidente ou catástrofe, para comprobar a eficacia dos plans de emerxencia deseñados e definir posibles medidas de mellora.

Os obxectivos dos exercicios foi a constatación da calidade da coordinación entre os grupos operativos e a avaliación da capacidade para a toma de decisións dos órganos de xestión, así como o ensaio das medidas recollidas nos manuais operativos e dos procedementos dos distintos participantes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:05:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31647
Data envío: 19/08/2025 17:05:35.151

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15502**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Elena Espinosa Mangana, dona Silvia Longueira Castro e don Carlos López Font, sobre **"as medidas que prevé adoptar a Consellería de Sanidade co obxectivo de rebaixar as listaxes de agarda en radioloxía e nos estudos de probas diagnósticas na Área Sanitaria de Vigo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 16370, formulada no Pleno do Parlamento de Galicia celebrada o día 29 de xaneiro de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/fHrP71jNdiemY8YGfGEhrtOVDHNdWZwsTmiWdgMB91bQrgmv>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:05:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31644
Data envío: 19/08/2025 17:05:16.578

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 16418**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"as condicións en que se está a prestar o servizo de helicópteros do 061 por parte da empresa concesionaria Eliance"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 16419, formulada no marco da Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 20 de febreiro de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/D6OZMdi9dbIm12SHhHOIJPshWpoMvAjynlQwO0ubGbSTIdNV>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:28:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31488
Data envío: 18/08/2025 20:28:16.945

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 16639**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Castro García e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a situación en que está a dotación médica do Centro de Saúde de Riotorto e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A escaseza de profesionais sanitarios, especialmente en atención primaria, é un problema que se dá en toda España e que dificulta a cobertura de substitucións ante incapacidades temporais, vacacións ou xubilacións. A responsabilidade de poñer enriba da mesa solucións para paliar este déficit de profesionais correspóndelle ao Goberno de España.

A atención sanitaria en Riotorto está garantida. A demora para conseguir cita co médico de familia é inexistente."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31475
Data envío: 18/08/2025 19:43:10.437

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:43:10

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 16642**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"o resultado da convocatoria publicada o 6 de maio de 2024 de subvencións para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas industriais da provincia da Coruña"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O artigo 8 do Regulamento 2021/1056 polo que se establece o Fondo de Transición Xusta regula o alcance dos apoios regulados por este fondo e conclúe indicando para o caso de axudas a grandes empresas o seguinte:

"Ademais, en zonas designadas como asistidas a efectos do artigo 107, apartado 3, letras a) e c), do TFUE, o FTX poderá apoiar investimentos produtivos en empresas distintas das pemes, a condición de que ditos investimentos se aprobaron como parte do plan territorial de transición xusta baseado na información requirida no artigo 11, apartado 2, letra h), do presente Regulamento. Estes investimentos só serán admisibles se son necesarios para a execución do plan territorial de transición xusta, cando contribúan á transición a unha economía da Unión climaticamente neutra de aquí a 2050 e a lograr obxectivos ambientais conexos, cando o seu apoio sexa necesario para a creación de emprego no territorio identificado e cando non conduzan a recolocacións, tal como se definen no artigo 2, punto 27, do Regulamento (UE) 2021/1060.

O FTX tamén poderá apoiar investimentos destinados a lograr a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro das actividades enumeradas no anexo I da Directiva 2003/87/CE, a condición de que ditos investimentos aprobáronse como parte do plan territorial de transición xusta baseado na información requirida no artigo 11, apartado 2, letra i), do presente Regulamento. Estes investimentos só serán admisibles se son necesarios para a execución do plan territorial de transición xusta."

Por mor deste artigo, a Autoridade de Xestión acordou coa DG Regio da Comisión Europea uns criterios garantistas para poder apoiar proxectos promovidos por grandes empresas entre os que se atopan os seguintes requisitos de creación de emprego:

- Creación mínima de cinco empregos directos (non se contabilizan os da fase de construción).
- Cociente máximo de 80.000 EUR de axuda pública por emprego creado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



- Mantemento do nivel de emprego creado máis o persoal existente (atendendo á media nos doce meses anteriores), durante un mínimo de cinco anos.

Estes criterios de creación de emprego son de obrigado cumprimento en España para grandes empresas, sen ter en conta a natureza dos proxectos para apoiar nin outras contribucións que poidan supoñer á transición enerxética xusta.

Desde a posta en marcha das convocatorias vinculadas ao Fondo de Transición Xusta (FTX) en Galicia detectouse que os requisitos de creación emprego para grandes empresas están a actuar como unha barreira significativa para moitos proxectos viables, limitando o alcance e o impacto real dos fondos.

No ámbito da transición enerxética, os proxectos enerxéticos, e especialmente os de autoconsumo, non destacan pola súa xeración directa de emprego, pero si teñen un forte carácter tractor.

Limitar o seu acceso á axuda en función dunha métrica ríxida como o número de empregos directos creados como consecuencia dos acordos entre o Ministerio e a Comisión Europea está a supor ignorar o seu verdadeiro valor estratéxico e mesmo o seu potencial de creación de emprego indirecto.

Ademais, en sectores ou vectores económicos innovadores é necesario dispoñer dun tecido inicial que permita o desenvolvemento de novos investimentos ao redor del e atraia iniciativas que o fagan crecer, o que supón un verdadeiro motor económico que garantiría a reconversión e reindustrialización das comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas de carbón, onde resulta fundamental, máis que a creación de emprego, o mantemento do actual a través da súa reconversión”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:18:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31674
Data envío: 19/08/2025 17:18:43,397

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 16705**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Castro García e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a situación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Oourol ao non ter presenza diaria dun médico ou médica"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A escaseza de profesionais sanitarios, especialmente en atención primaria, é un problema que se dá en toda España e que dificulta a cobertura de substitucións ante incapacidades temporais, vacacións ou xubilacións. A responsabilidade de poñer enriba da mesa solucións para paliar este déficit de profesionais correspóndelle ao Goberno de España.

A atención sanitaria en Oourol está garantida. A demora para conseguir cita co médico de familia é inexistente".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31469
Data envío: 18/08/2025 19:33:32.645

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:33:32

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17195**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a crise actual do sector do mar en Galicia e as medidas que o Goberno galego está a adoptar para reverter a situación"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 12 de febreiro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 17196, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NzUwZDJjOTUtNjY5Yi00M2I5LWEzZDctNmEzNzU4YTlkYzg5&start=61.858](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzUwZDJjOTUtNjY5Yi00M2I5LWEzZDctNmEzNzU4YTlkYzg5&start=61.858)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as políticas públicas que está a deseñar o Goberno galego diante da grave crise do sector do mar en Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:53:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31967
Data envío: 21/08/2025 22:53:20.982

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 17756** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a demora na publicación neste ano 2025 das axudas periódicas para as vítimas de violencia machista"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" Para a Xunta de Galicia é unha prioridade a atención integral ás vítimas de violencia de xénero, incluíndo nesta atención a prestación económica.

O Goberno galego ven concedendo unha prestación económica mensual á vítima de violencia de xénero desde o ano 2006 ata a actualidade, de xeito ininterrompido.

A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero, para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor ou da persoa que mantivera sobre ela unha relación de dominación para os casos das mulleres vítimas de trata con fin de explotación sexual, e así tentar axudalas a romper coa situación de violencia, posibilitándolles dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Dende o ano 2006 ata a actualidade beneficiáronse destas axudas máis de 7.800 mulleres, e investiuse nesta prestación unha contía superior a 60 millóns de euros.

A convocatoria da prestación renóvase de forma puntual anualmente sen que sufra modificacións no seu procedemento dende a súa implementación, salvo no ano 2016, cando se estableceu que o prazo de solicitude estaría aberto todo o ano.

Todas as solicitudes presentadas polas vítimas foron atendidas debidamente, non existindo vítima algunha cuxa solicitude non fora debidamente tramitada.

Por ultimo, temos que dicir que esta prestación é compatible con outras axudas de carácter público, como o Ingreso Mínimo Vital, Risga, pensión non contributiva ou calquera outra, o que a converte en única en España".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:28:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:28:34
Nº Rexistro: 31789
Data envío: 20/08/2025 12:28:34.549

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 18235**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, sobre **"a postura do Goberno galego antes as repercusións ambientais, produtivas e sociais do novo proxecto da mina de Touro e O Pino e as medidas previstas para o control da contaminación"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O día 24.06.2024, o Consello da Xunta declarou o proxecto da Mina de Touro como proxecto industrial estratéxico. Esta declaración (ao igual que acontece con outros proxectos) non presupón ningún resultado en relación co procedemento de autorización nin coa avaliación ambiental.

Tal declaración fíxose porque cumpría cos requisitos establecidos no texto refundido das disposicións legais da Comunidade de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2025, do 12 de febreiro.

De feito, entre outros, no caso concreto de Cobre San Rafael suporía:

- A creación de 394 postos de traballo directos.
- E un investimento inicial de 195,7 millóns de euros.

O 22.11.2024 expúxose á información pública (publicación no DOG) e ademais, enviouse, entre outros, aos concellos de Arzúa, O Pino, Touro e Vila de Cruces para a súa publicación no taboleiro de anuncios, ademais de pedirse informe a diversos organismos, entre eles, á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, e á Dirección Xeral de Defensa do Monte, á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, dependentes da Consellería do Medio Rural.

Trala finalización do prazo de consulta (envío de suxestións), nestes momentos continúaase coa tramitación prevista por Lei na que se velará, coma sempre, por dar as máximas garantías medioambientais a todas as partes implicadas. Cómpre indicar que ata o momento aínda non consta a emisión de tódolos informes solicitados, pero unha vez se complete a recompilación resolverase o expediente (incluída a DIA que será emitida polo órgano ambiental).

Polo tanto, con este proxecto estanse a seguir os trámites habituais: declaración de PIE e, agora, tramitación do expediente, formada por unha serie de fitos, entre os que se atopa a declaración de impacto ambiental. Insístese na idea de que a declaración como PIE non presupón o resultado final da tramitación ambiental do dito proxecto, que será a que determine se o proxecto é viable ou non.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ademais, é preciso indicar que Augas de Galicia, a través do Programa (Plan) de Control de Vertidos (PCV) e da gardería fluvial, realiza un labor continuo de control sobre os ríos e regatos mencionados buscando a melloría das masas de auga afectadas.

Asemade, o labor de policía e sancionadora motivaron a instalación dunha planta de tratamento sobre os afluentes desas actividades e a restauración dos espazos degradados.

En calquera caso, tamén cómpre indicar que o cobre está declarado pola Unión Europea como materia prima fundamental e tamén estratéxica, segundo establece o Regulamento 2024/1252 do Parlamento Europeo e do Consello, aprobado en abril de 2024.

Galicia conta con recursos naturais minerais de enorme valor, como o cobre, cuxos usos e propiedades fan del un mineral cunha enorme aplicabilidade. Por exemplo, na industria eléctrica, na construción, na industria automotriz, no transporte, na industria química e mesmo na industria alimentaria, entre outras moitas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31625
Data envío: 19/08/2025 16:56:42.834

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:56:42

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 18338**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"as causas do fallo da plataforma tecnolóxica de xestión do Igape e as accións da Xunta de Galicia encamiñadas a garantir a seguridade xurídica, a transparencia e a igualdade das convocatorias de axudas afectadas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é plenamente consciente dos retos asociados á xestión dun volume crecente de convocatorias, especialmente nun momento no que, por primeira vez, se puxo en marcha un paquete anticipado de axudas cunha mobilización superior aos 186 millóns de euros.

A concentración en xaneiro de 15 liñas de axuda, ás que se engadiron outras catro durante o primeiro trimestre, responde a unha nova estratexia de planificación que busca facilitar ás empresas unha visión conxunta, anticipada e accesible dos recursos dispoñibles. Esta transformación estrutural do modelo tradicional supuxo un esforzo técnico e organizativo sen precedentes, no que se identificaron tamén aspectos mellorables.

Neste sentido, é certo que se produciron incidencias técnicas no acceso á sede electrónica durante a primeira xornada de apertura das convocatorias. Estas incidencias foron recoñecidas publicamente, comunicadas a través das canles oficiais e motivaron a anulación do proceso e a súa reprogramación, para garantir a igualdade de acceso e a seguridade xurídica.

Cómpre salientar que esta decisión —lonxe de supoñer unha falla de transparencia— constitúe unha mostra de responsabilidade institucional e de protección dos dereitos das empresas solicitantes.

En paralelo, o Igape está a reforzar os mecanismos de trazabilidade e xustificación técnica das convocatorias —en liña coas exixencias da normativa europea—, co obxectivo de garantir o máximo rigor, especialmente no contexto de xestión de fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

No marco desta aposta por mellorar a eficacia administrativa, a Xunta está a avanzar na interoperabilidade das plataformas, no reforzo da atención ás empresas e no desenvolvemento dun novo sistema de xestión integral das axudas que será implantado de maneira progresiva".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:56:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31622
Data envío: 19/08/2025 16:56:23.613

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 18871**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Lara Méndez López e dona Paloma Castro Rey, sobre **"os compromisos que pensa adoptar o Goberno galego verbo da participación pública temperá e da transparencia no proceso de elaboración do Plan sectorial eólico de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Plan Sectorial Eólico articularase en base ao recurso eólico e as posibilidades de evacuar enerxía, e tendo en conta as necesidades próximas de consumo. Non obstante, un maior desenvolvemento enerxético, tal e como está articulado o plan da Xunta de Galicia grazas á Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia e ao previsto no PSEG, permitirá que a cidadanía desfrute de prezos enerxéticos máis baixos.

Asemade, a tramitación dun plan sectorial xa prevé procesos de información pública. Pero é que ademais, tal e como se anunciou o 20.01.2025 no Consello da Xunta, está prevista:

- A creación dunha mesa de traballo co sector eólico, para ir avanzando naquilo no que se debe contar co sector para o seu contido. Sería coas asociacións e os promotores, que, a través das asociacións, queiran pedir participar.
- E a creación dun Grupo de traballo no seo do Diálogo Social, adscrito á Mesa de Economía e Industria.

Ademais, o plan sectorial xa establece unhas regras mínimas respecto dos proxectos eólicos, polo que non ten sentido pedir que para cada proxecto se estableza un diálogo entre promotor e cidadanía. Iso faría inviables, na práctica, os proxectos. Xa a normativa actual establece unha tramitación garantista con participación pública durante a tramitación ambiental obrigatoria, e con coñecemento dos informes sectoriais.

Por outra parte, o PSEG debe articularse partindo das zonas xeográficas con mellor recurso, e a partir de aí si ter especial visión naquelas zonas con menor desenvolvemento. Ademais, a cohesión social e territorial é precisamente unha das máximas da lei de recursos naturais".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:40:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31615
Data envío: 19/08/2025 16:40:03,273

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19305**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a repercusión dos baleirados dos encoros nos bancos marisqueiros das rías, singularmente na ría de Muros e Noia, a necesidade de establecer un protocolo e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 4 de marzo de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 16224.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=OGUwYTg3YmYtOTFhMy00NDNkLTg0M2UtYjhiZThkMDVhYTJm&start=5485.889](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGUwYTg3YmYtOTFhMy00NDNkLTg0M2UtYjhiZThkMDVhYTJm&start=5485.889)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a xestión dos encoros das bacías hidrográficas de competencia autonómica co fin de controlar o impacto do seu baleirado na salinidade das augas das rías e a consideración por parte da Xunta de Galicia da posibilidade de realizar estudos nesta materia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 19:20:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31960
Data envío: 21/08/2025 19:20:20.525

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19452**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"a avaliación do impacto ambiental, económico e social que supoñería a reapertura da mina de Touro"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O día 24.06.2024, o Consello da Xunta declarou o proxecto da Mina de Touro como proxecto industrial estratéxico. Esta declaración (ao igual que acontece con outros proxectos) non presupón ningún resultado en relación co procedemento de autorización nin coa avaliación ambiental.

Tal declaración fíxose porque cumpría cos requisitos establecidos no texto refundido das disposicións legais da Comunidade de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2025, do 12 de febreiro.

De feito, entre outros, no caso concreto de Cobre San Rafael suporía:

- A creación de 394 postos de traballo directos.
- E un investimento inicial de 195,7 millóns de euros.

O 22.11.2024 expúxose á información pública (publicación no DOG) e ademais, enviouse, entre outros, aos concellos de Arzúa, O Pino, Touro e Vila de Cruces para a súa publicación no taboleiro de anuncios, ademais de pedirse informe a diversos organismos, entre eles, á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar e á Dirección Xeral de Defensa do Monte, á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, dependentes da Consellería do Medio Rural.

Trala finalización do prazo de consulta (envío de suxestións), nestes momentos continúaase coa tramitación prevista por Lei na que se velará, coma sempre, por dar as máximas garantías medioambientais a todas as partes implicadas. Cómpre indicar que ata o momento aínda non consta a emisión de tódolos informes solicitados, pero unha vez se complete a recompilación resolverase o expediente (incluída a DIA que será emitida polo órgano ambiental).

Polo tanto, con este proxecto estanse a seguir os trámites habituais: declaración de PIE e, agora, tramitación do expediente, formada por unha serie de fitos, entre os que se atopa a declaración de impacto ambiental. Insístese na idea de que a declaración como PIE non presupón o resultado final da tramitación ambiental do dito proxecto, que será a que determine se o proxecto é viable ou non.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ademais, é preciso indicar que Augas de Galicia, a través do Programa (Plan) de Control de Vertidos (PCV) e da gardería fluvial, realiza un labor continuo de control sobre os ríos e regatos mencionados buscando a melloría das masas de auga afectadas.

Asemade, o labor de policía e sancionadora motivaron a instalación dunha planta de tratamento sobre os afluentes desas actividades e a restauración dos espazos degradados.

En calquera caso, tamén cómpre indicar que o cobre está declarado pola Unión Europea como materia prima fundamental e tamén estratéxica, segundo establece o Regulamento 2024/1252 do Parlamento Europeo e do Consello, aprobado en abril de 2024.

Galicia conta con recursos naturais minerais de enorme valor, como o cobre, cuxos usos e propiedades fan del un mineral cunha enorme aplicabilidade. Por exemplo, na industria eléctrica, na construción, na industria automotriz, no transporte, na industria química e mesmo na industria alimentaria, entre outras moitas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:34:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31597
Data envío: 19/08/2025 16:34:06.718

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

Informe económico-financieiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2023.
Informe de fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas.
Informe de fiscalización dos Fondos Europeos. Exercicio 2022.
Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2022.
Informe de fiscalización da eficacia na execución do financiamento europeo no proxecto de conservación, protección e fomento do Camiño de Santiago. (FEDER 2014-2020).
Informe sobre as medidas adoptadas para abordar o reto demográfico nos municipios de menor poboación.
Informe de fiscalización das medidas de aforro e eficiencia enerxética adoptadas polas entidades locais. Concellos de máis de 20.000 habitantes.
Informe de fiscalización das entidades locais menores de Galicia. Exercicio 2021.
Informe de Fiscalización dos controis básicos de ciberseguridade. Concello da Coruña. Exercicio 2023.
Informe de Fiscalización dos controis básicos de ciberseguridade. Concello de Vigo. Exercicio 2023.
Informe de Fiscalización dos controis básicos de ciberseguridade. Concello de Ourense. Exercicio 2023.

² Todos estes informes foron remitidos ao Parlamento e están pendentes de rendición perante a Comisión permanente non lexislativa para as relacións do Parlamento de Galicia co Consello de Contas agás o informe da Conta xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2023, que foi rendido na comparecencia do conselleiro maior do 30 de maio do 2025.



Informes xa remitidos ao Parlamento ³
<i>Informe de auditoría operativa das actuacións, plans, proxectos e programas no ámbito da saúde mental.</i>
<i>Informe de fiscalización sobre a existencia e cumprimento de cláusulas sociais na contratación pública das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega.</i>
Informes que se remiten ao Parlamento con esta Memoria.
<i>Informe de fiscalización dos Fondos Europeos. Exercicio 2023</i>
<i>Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2023</i>
<i>Informe de análise do custo efectivo dos servizos públicos municipais das fases de abastecemento e saneamento do ciclo integral da auga.</i>
<i>Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma, exercicios 2018-2022</i>
<i>Informe de fiscalización das actuacións da Comunidade Autónoma de Galicia para cumprir os obxectivos do programa de dixitalización do sistema educativo no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia</i>

II. COMPOSICIÓN E ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1. COMPOSICIÓN

De acordo co establecido polo artigo 6 da LCC son órganos da institución : o Pleno; o conselleiro ou conselleira maior; a Comisión de Goberno; as Seccións de Fiscalización, de Xuizamento, e de Prevención da Corrupción; os conselleiros e conselleiras; e a Secretaría xeral.

As funcións que corresponden a cada un deles regúlanse nos artigos 7 ao 11 do devandito texto legal e son obxecto de desenvolvemento no Regulamento de Réxime Interior. Ao Pleno atribúenselle competencias en materia de fiscalización, xuizamento e prevención da corrupción, xunto con outras de réxime interno.

Os outros órganos exercen funcións de carácter máis específico: de fiscalización e xuizamento e prevención da corrupción, no caso das Seccións; de administración e réxime interno, no da Comisión de Goberno.

Doutra banda, corresponde ao conselleiro maior representar á institución, convocar e presidir o Pleno, a Comisión de Goberno e a Sección de Prevención da Corrupción, e na xestión interna, exercer a

³ Todos estes informes foron remitidos ao Parlamento e están pendentes de rendición perante a Comisión permanente non lexislativa para as relacións do Parlamento de Galicia co Consello de Contas agás o informe da Conta xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2023, que foi rendido na comparecencia do conselleiro maior do 30 de maio do 2025.



xeatura superior de persoal. Tamén ten atribuídas a ordenación de gastos e pagos e a contratación de obras, servizos e subministracións, entre outras.

Por último, a Secretaría xeral constitúe un órgano de apoio técnico-administrativo dos anteriores.

Ao longo do 2024 a composición dos órganos do Consello de Contas foi a seguinte:

Pleno:

Presidente: Excmo. Sr. don Juan Carlos Aladro Fernández.

Vogais: Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto

Excmo. Sr. don Simón Rego Vilar

Excmo. Sr. don Anxo Ramón Calvo Silvosa

Excmo. Sr. don Tomás Pérez Vidal

Secretaria Ilma. Sra. dona Ana Ornilla Guillamón

Comisión de Goberno:

Presidente: Excmo. Sr. don Juan Carlos Aladro Fernández.

Vogais: Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto

Excmo. Sr. don Simón Rego Vilar

Secretaria Ilma. Sra. dona Ana Ornilla Guillamón

Sección de Fiscalización:

Presidente: Excmo. Sr. don Simón Rego Vilar

Vogais: Excmo. Sr. don Juan Carlos Aladro Fernández.

Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto

Excmo. Sr. don Anxo Ramón Calvo Silvosa

Excmo. Sr. don Tomás Pérez Vidal

Secretaria Ilma. Sra. dona Ana Ornilla Guillamón

Sección de Axuizamento

Está integrada por todos os membros do Consello e presidida polo Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto.



Sección de Prevención da Corrupción

Está integrada por todos os membros do Consello e presidida polo Excmo. Sr. don Juan Carlos Aladro Fernández.

Como apéndice 1 a esta memoria, xúntanse dous cadros explicativos, un do organigrama de funcionamento das Seccións de Fiscalización, Prevención da Corrupción e Axuizamento e outro da Secretaría xeral.

II.2. ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

No exercicio 2024 os órganos colexiados reuníronse en 54 ocasións co detalle que se recolle nos seguintes cadros:

Número de sesións dos órganos colexiados

Órganos colexiados	Núm. de sesións
Pleno	19
Comisión de Goberno	17
Sección de Fiscalización	16
Sección de Prevención da Corrupción	2
Sección de Axuizamento	0
Total sesións	54

Pola súa relevancia, a continuación desagregáanse o número de asuntos tratados/acordos adoptados polo Pleno tendo en conta as materias ás que afectan:

Asuntos tratados/acordos adoptados polo Pleno

Asunto/materia	Núm. de asuntos
Aprobación informes	22
Normas (instrucións)	4
Medidas orzamentarias	4
Medidas en materia de Recursos Humanos	2
Plan anual de traballo	1
Premio de Investigación “Carlos G. Otero Díaz”	3
Autorizacións de convenios	4
Acordos sobre comunicacións ou denuncias	7
Total asuntos	47

II.2.1. NORMATIVA

Neste exercicio o Pleno non adoptou ningún acordo de carácter normativo.

II.2.2. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

Durante o exercicio 2024 asináronse os seguintes convenios previo acordo do Pleno:



- Addenda ao convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Consello de Contas de Galicia, para a realización de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo.
- Addenda ao convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e o Consello de Contas de Galicia, para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares do alumnado da UDC.
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e o Consello de Contas de Galicia, sobre atribución de competencia de recursos contractuais.
- Convenio de colaboración entre o Consello de Contas de Galicia e a Fundación para a Formación e investigación en Auditoría do Sector Público “FIASEP”.
- Protocolo de actuación entre o Consello de Contas de Galicia e a Fiscalía do Tribunal de Cuentas, para mellorar a súa coordinación e comunicación na detención de indicios de responsabilidade contable.

Así mesmo, prorrogouse a Addenda ao Convenio de colaboración entre o Consello de Contas de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para o uso dos servizos de rede de telecomunicacións corporativa da Xunta de Galicia.

III. ACTIVIDADE DE FISCALIZACIÓN

III.1. A FUNCIÓN FISCALIZADORA

Ao delimitar as competencias fiscalizadoras do Consello, a LCC sinala que o sector público galego está composto pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico, as entidades locais e organismos dependentes, as universidades públicas do sistema universitario de Galicia e as súas entidades e empresas dependentes e as corporacións de dereito público.

Como órgano estatutario, que depende do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico, actuando de oficio, a petición do Parlamento de Galicia, por delegación do Tribunal de Cuentas ou do Tribunal de Cuentas Europeo, cos que, ademais, pode colaborar en tarefas fiscalizadoras.

A función fiscalizadora do Consello de Contas comprende a actividade económico-financeira e contable do sector público de Galicia, e as subvencións, créditos, axudas, avais, exencións fiscais concedidas por aquel, así como os contratos celebrados polos entes públicos sinalados. Todo isto con criterios de legalidade, eficacia, eficiencia e economía. Ten encomendada ademais a emisión de



ditames e consultas que lle soliciten as institucións e os entes públicos en materia de contabilidade pública e de xestión económica e financeira.

As fiscalizacións poden ser de tres tipos: de cumprimento, financeiras e operativas. Nas fiscalizacións de cumprimento verifícase se as actividades compren, en todos os aspectos significativos, coa normativa que as regula; nas financeiras, se a información financeira se presenta de conformidade co marco normativo que lle resulte aplicable; e nas operativas, analízase se as entidades fiscalizadas se xestionan de conformidade cos principios de economía, eficiencia e eficacia.

Tamén poden levarse a cabo fiscalizacións combinadas, incorporando aspectos financeiros, operativos e de cumprimento.

Os traballos de fiscalización do Consello de Contas conclúen coa emisión de informes que se presentan ao Parlamento de Galicia. Os informes de fiscalización realízanse por iniciativa do propio Consello, que os inclúe no plan de traballo que anualmente remite ao Parlamento de Galicia, tendo en conta as súas recomendacións, e, no seu caso, as comunicacións ou denuncias recibidas.

O anteproxecto de informe é sometido á deliberación da Sección de Fiscalización polo conselleiro ou conselleira responsable do mesmo e remitido ao ente fiscalizado para o trámite de alegacións. Concluído este trámite o anteproxecto de informe coas alegacións e as súas réplicas é aprobado pola Sección de fiscalización e remitido ao Pleno como proxecto de informe para a súa aprobación.

Unha vez aprobados polo Pleno, os informes envíanse ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, aos organismos e entidades fiscalizadas, e ao Tribunal de Cuentas.

III.2. INFORMES APROBADOS POLO PLENO DO CONSELLO NO ANO 2024

O Programa anual de traballo para o exercicio 2024 foi aprobado polo Pleno do Consello de Contas e remitido ao Parlamento de Galicia o 28 de decembro do 2023.

Recolle tanto as fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal como as solicitadas polo Parlamento, as previstas en colaboración co Tribunal de Cuentas, e as programadas por iniciativa do Consello de Contas.

Tendo en conta que o proceso de execución das fiscalizacións se prolonga máis alá de cada exercicio, cada ano o Pleno aproba informes referidos a distintos plans de traballo. Para achegar o máis posible a data dos informes ao ano fiscalizado, cumprindo coa recomendación feita pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, cada plan atende de xeito prioritario á execución e aprobación dos informes de Conta Xeral, programados en cumprimento dun mandato legal e referidos ás contas rendidas pola Comunidade Autónoma en setembro e polo sector público local en outubro do ano anterior.



Durante o ano 2024 o Pleno do Consello aprobou un total de 22 informes de fiscalización, que se detallan no seguinte cadro:

Informes de fiscalización aprobados en 2024

Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia aprobados en 2024	Aprobación polo Pleno	Remisión ao Parlamento
Informe de fiscalización pronta das medidas adoptadas polas entidades locais de Galicia para abordar a crise humanitaria provocada pola invasión da Ucraína	29.02.2024	04.03.2024
Informe de fiscalización dos controis básicos de Ciberseguridade Deputación da Coruña, exercicio 2022	29.02.2024	09.04.2024
Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia aprobados en 2024	Aprobación polo Pleno	Remisión ao Parlamento
Informe de fiscalización dos controis básicos de Ciberseguridade Deputación de Pontevedra, exercicio 2022	29.02.2024	09.04.2024
Informe de fiscalización das obrigas de remisión de información das entidades locais de Galicia e avaliación do entorno de control: control interno, contratos e convenios exercicios 2019-2020	07.03.2024	11.03.2024
Informe de fiscalización do sistema de rendición da información contractual do sector público autonómico, exercicios 2021-2022	14.03.2024	19.03.2024
Informe de fiscalización sobre aplicación dos ingresos do Fondo extraordinario e a xestión económico-financeira da pandemia na CA de Galicia. Exercicio 2021	14.03.2024	19.03.2024
Informe da Conta Xeral das Entidades Locais 2022	11.04.2024	12.04.2024
Informe de fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas	29.04.2024	06.05.2024
Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2022	29.04.2024	06.05.2024
Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2022	29.04.2024	06.05.2024
Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras	29.04.2024	06.05.2024
Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade autónoma, exercicio 2022	29.04.2024	06.05.2024
Informe sobre os resultados para Galicia do sistema de financiamento das CCAA de réxime común, exercicios 2009-2021	28.05.2024	29.05.2024
Informe de fiscalización das mancomunidades de Galicia	30.05.2024	31.05.2024
Informe de fiscalización da resposta á crise do COVID-19 polas entidades locais de Galicia. Concellos de máis de 50.000 habitantes. Exercicios 2020-2021	11.07.2024	12.07.2024
Informe de fiscalización do contrato de concesión do hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo	29.07.2024	31.07.2024
Informe sobre contabilidade dos partidos políticos con ocasión das eleccións autonómicas.	29.07.2024	31.07.2024
Informe de auditoría da xestión dos novos medicamentos de terapia avanzada CAR-T. Implantación e impacto financeiro	29.07.2024	31.07.2024
Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial, exercicio 2022	24.09.2024	25.09.2024
Informe de fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea, exercicio 2022.	24.09.2024	25.09.2024
Informe de fiscalización da eficacia na execución do financiamento europeo no proxecto de conservación, protección e fomento do Camiño de Santiago. (FEDER 2014-2020).	24.09.2024	25.09.2024
Informe sobre as medidas adoptadas para abordar o reto demográfico nos concellos de menor poboación.	16.12.2024	17.12.2024

Xunto cos informes anteriores, o Consello de Contas remitiu ao Parlamento as súas contas anuais e a memoria de actividades correspondentes ao ano 2023.



Os informes de fiscalización aprobados polo Pleno do Consello de Contas de Galicia durante o ano 2024 atópanse dispoñibles a texto completo na sede web da Institución www.ccontasgalicia.es. Nesta dirección recóllese unha relación completa de todos os informes de fiscalización que o Consello de Contas de Galicia presentou ao Parlamento de Galicia desde o inicio da súa actividade e a versión electrónica dos informes posteriores ao exercicio 1996. Para consultar os anteriores, é dicir, os correspondentes aos exercicios 1990 a 1995, é preciso pórse en contacto coa biblioteca da Institución, onde se facilitará a súa consulta.

III.3. COMUNICACIÓNS OU DENUNCIAS PRESENTADAS ANTE O CONSELLO DE CONTAS

O artigo 24 da LCC establece que o procedemento para o exercicio da función fiscalizadora tamén se poderá iniciar de oficio por acordo do Pleno do Consello de Contas, logo da comunicación presentada por persoa física ou xurídica.

Os artigos 65 e 66 do RRI regulan a tramitación das comunicacións ou denuncias e as actuacións complementarias que poden desenvolverse cando o Consello tivese coñecemento da existencia de feitos ou comportamentos que puidesen ser constitutivos de responsabilidade contable para os efectos de ampliar eses feitos e cualificar, con maior coñecemento, a existencia de indicios desta responsabilidade.

O protocolo de actuacións a seguir para a tramitación de comunicacións e denuncias, modificado por acordo do Pleno do 16 de decembro do 2024, establece as distintas respostas que se deben dar ás denuncias presentadas, podendo adoptar algunha ou varias das seguintes decisións:

- Arquivo das actuacións.
- Remisión ao Tribunal de Cuentas.
- Remisión ao Ministerio Fiscal.
- Desenvolvemento de tramitacións complementarias.
- Inclusión nas fiscalizacións do plan de traballo aprobado.
- Toma en consideración a partir dunha avaliación de risco para a elaboración dos futuros plans de traballo.

No exercicio 2024 recibíronse 8 denuncias/comunicacións que foron obxecto de resolución polo Pleno. No cadro seguinte ofrécese información ao respecto dos acordos tomados polo Pleno en contestación ás denuncias presentadas:



Acordos adoptados polo Pleno en relación coas denuncias e comunicacións presentadas

Acordo do Pleno	Núm. de acordos
Arquivo das actuacións	0
Remisión ao Tribunal de Contas	0
Inclusión nas fiscalizacións dos plans de traballo aprobados	0
Toma en consideración para a elaboración de futuros plans de traballo	2
En tramitación	6
Total acordos	8

IV. ACTIVIDADE DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

IV.1. ACTIVIDADE DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

IV.1.1. INTRODUCCIÓN

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, supuxo o reforzamento institucional do Consello a través da atribución de novas competencias entre as que destacan as relacionadas coa prevención da corrupción, a fiscalización e control da actividade económico-financeira das formacións políticas que perciban subvencións da Comunidade Autónoma, no marco establecido na normativa do Estado, e a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector público autonómico.

Dende o punto de vista organizativo, a aprobación do Regulamento de réxime interior trata de dotar de operatividade ao contido das novas funcións, concretando os elementos de detalle que permiten a definición, no marco establecido pola lei, dun auténtico modelo de realización das novas funcións preventivas en materia de corrupción.

O desenvolvemento da función de prevención da corrupción apóiase na seguinte estrutura organizativa:

- A Sección de Prevención da Corrupción, que exercerá as funcións que o Consello ten atribuídas nesta materia, presidida polo conselleiro maior e integrada polos conselleiros/as que o Pleno designe. A horizontalidade dos traballos desta Sección require para o seu desenvolvemento da participación de tódolos departamentos do Consello de Contas.
- A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción, integrada por seis auditores/as designados polos conselleiros/as de cada departamento, que ten encomendadas, entre outras funcións, definir os criterios para a avaliación dos sistemas de control interno e para a elaboración de guías e modelos de plans de prevención da corrupción.
- A Unidade de Prevención da Corrupción, que dará apoio administrativo á Comisión para garantir a súa operatividade.



Dende o punto de vista estratéxico, definíronse tres eixes fundamentais en torno aos que se desenvolverán as actividades nesta materia: colaboración na implantación dos sistemas de prevención, asesoramento institucional, e sensibilización e concienciación.

A continuación relaciónanse as principais actuacións desenvolvidas no exercicio 2024, que se centraron nos eixes 1 e 3 definidos no documento de estratexia.

IV.1.2. COLABORACIÓN NA IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE PREVENCIÓN

Neste eixe de actuación, a estratexia a seguir polo Consello de Contas pasa polo establecemento nas entidades públicas dunha política de integridade institucional (normas, procesos e órganos que preveñan as condutas inadecuadas), a identificación das actividades e riscos susceptibles de actos de corrupción, a adopción de medidas para minimizalos e a realización de actividades de control para a súa supervisión. O obxectivo é que todos estes elementos se plasmen nun programa ou plan de prevención da corrupción.

No exercicio 2024, após 7 anos dende a súa aprobación, procedeuse a revisar a estratexia do Consello en materia de prevención e modificáronse os documentos técnicos número 1 (Estratexia en materia de prevención) e número 3 (Metodoloxía para a administración de riscos).

As liñas de actuación para a revisión do documento de estratexia centráronse en adaptalo ao plan estratéxico do Consello 2023-2028; integrar o conxunto de actuacións a desenvolver nun marco común coherente coas esixencias da Orde HFP 1030/2021 para os plans de medidas antifraude; definir, no ámbito da colaboración, a nova etapa na que estamos con novos retos e, por último, clarificar e diferenciar o papel do Consello no ámbito da colaboración e no ámbito do control.

No que atinxe ao documento de metodoloxía, a revisión centrouse en adaptar a avaliación de riscos aos catro niveles de gradación asumidos por todos os plans de medidas antifraude, e en desenvolver máis polo miúdo a forma de avaliar as medidas xa implantadas que palían riscos, categorizándoas con aspectos medibles.

Ademais, aprobouse unha Guía para a implantación de plans de medidas antifraude que incorpora a estrutura e os elementos básicos dos sistemas de integridade definidos no novo documento de Estratexia e describe o procedemento e metodoloxía de avaliación de riscos de acordo coas modificacións introducidas no documento para a Administración de riscos.

A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción acordou remitir estes documentos á Sección de Prevención da Corrupción, en sesión celebrada o 20 do novembro do 2024, dando por cumprido o trámite de coñecemento previo desta Comisión, establecido polo artigo 61 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas.

Os documentos foron aprobados pola Sección de Prevención da Corrupción en sesión celebrada o 19 de decembro do 2024.





IV.1.3. SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN.

Este eixe de actuación comprende as accións de sensibilización para reforzar a implantación de mecanismos efectivos de prevención da corrupción, e as actuacións de concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético.

Os instrumentos de colaboración configúranse como elementos fundamentais para o establecemento dun marco xeral que garanta o desenvolvemento eficaz das novas funcións de prevención; o seguimento dos protocolos vixentes constituíu una das liñas fundamentais das actuacións levadas a cabo neste ámbito no exercicio 2024.

Por outra banda, logo de catro edicións do premio Carlos G. Otero Díaz considerouse oportuno actualizar as bases do premio para promover a concorrência e acadar un maior éxito nas convocatorias. A modificación dirixiuse, tanto a incrementar o número de participantes, como a impulsar a presentación de traballos de cuxo contido podan extraerse conclusións útiles para o exercicio das funcións asumidas polo Consello de Contas en materia de prevención da corrupción.

As medidas propostas para acadar estes obxectivos centráronse en limitar as materias sobre as que deben versar os traballos ás áreas de contratación e subvencións por ser especialmente sensibles á aparición de prácticas corruptas. Dende un punto de vista formal, introducíronse modificacións para limitar a extensión dos traballos de investigación a presentar e tratar de homoxeneizalos no seu formato.

A modificación foi aprobada polo Pleno do Consello o 28 de maio do 2024.

IV.2. ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA

En cumprimento do previsto na norma décima das Normas de funcionamento do Comité de Ética e da canle de queixas e denuncias o 28 de xullo de 2025 o Pleno do Consello acordou, por unanimidade, a aprobación e incorporación do Informe de actuacións do Comité de Ética do exercicio 2024 a esta memoria de actividades.⁴

O Comité celebrou durante 2024 dúas sesións, nas que se trataron os seguintes asuntos:

Sesións do Comité de Ética

Data da sesión	Asuntos tratados
12.06.2024	Informe anual de actuacións do Comité de Ética, exercicio 2023. Presentación dos resultados da enquisa de Código Ético no Consello de Contas.
17.12.2024	Comunicación ao Comité da ausencia de denuncias dende a última sesión.

⁴ Apéndice 3.



No exercicio 2024 non se presentaron denuncias nin consultas, polo que non houbo ningún pronunciamento ao respecto.

IV.3. ACTIVIDADE DA COMISIÓN TÉCNICA DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

Tal como se establece no documento Estratexia en materia de prevención da corrupción, a Comisión de Prevención da Corrupción, constituída mediante acordo do Pleno de 7 de abril de 2017, configúrase como un dos elementos organizativos básicos sobre os que se apoia o desenvolvemento desta nova función. Está integrada por seis auditores/as designados polos conselleiros de cada departamento.

As súas funcións son:

- Definir os criterios para a elaboración dos cuestionarios de avaliación de control interno e para a formulación de guías e modelos de plans de prevención.
- Coñecer, con carácter previo á súa aprobación pola Sección de Prevención da Corrupción, as propostas e recomendacións formuladas nas distintas actuacións que se elaboren nesta materia.
- Analizar os aspectos detectados na revisión do control interno das entidades fiscalizadas ou nas distintas fiscalizacións que poidan recomendar a revisión dos plans de prevención ou a adopción de novas recomendacións.

Durante o ano 2024 a Comisión reuniuse en catro ocasións. O seguinte cadro recolle unha relación da documentación presentada nas sesións celebradas:

Documentación aprobada pola Comisión Técnica de Prevención da Corrupción

Data da sesión	Documentos remitidos á Sección de Prevención da Corrupción
19.03.2024	Enquisa sobre o coñecemento do código ético e clima ético no Consello de Contas.
21.05.2024	Modificación das Bases da V Edición do Premio Carlos G. Otero Díaz. Presentación dos resultados da Enquisa sobre o coñecemento do código ético e clima ético no Consello de Contas
20.11.2024	Actualización dos documentos técnicos: Estratexia en materia de prevención, Metodoloxía para a administración de riscos e Guía para a elaboración de Plans de prevención de riscos e implantación de sistemas de integridade.
12.12.2024	Programa de actividades da Sección de Prevención da Corrupción para o exercicio 2025.

V. ACTIVIDADE XURISDICCIONAL

Neste exercicio non se realizaron no Consello de Contas actividades xurisdiccionais ao non se producir ningunha delegación do Tribunal de Cuentas neste sentido.



VI. ACTIVIDADE CONSULTIVA

O artigo 4 f) da LCC inclúe entre as funcións do Consello de Contas a de emitir ditames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financeira lle soliciten as institucións e entidades previstas no punto 1 do artigo 2, así como atender as consultas do Parlamento sobre os orzamentos da Comunidade Autónoma e a súa execución e liquidación e emitir opinión, por solicitude do Parlamento ou da Xunta, sobre proxectos normativos que afecten os ingresos ou gastos públicos.

Por outra banda, a letra i) do mesmo artigo atribúelle a emisión de informes facultativos, por petición da consellería competente en materia de facenda, por instancia do órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais de Galicia, para resolver as discrepancias que lle sexan elevadas a este órgano polas persoas que ocupen a presidencia das entidades locais a través do procedemento regulado na normativa do Estado.

Finalmente, os artigos 67 a 69 do RRI desenvolven esta función consultiva, concretando o seu procedemento de tramitación.

No ámbito desta función, a Institución non tramitou no exercicio 2024 ningún ditame ou consulta.

VII. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS

VII.1. PERSOAL

1. Relación de Postos de traballo.

Os cambios estruturais acaecidos na institución nestes últimos anos como consecuencia da consolidación no emprego do persoal auxiliar, a asunción de novos cometidos e o incremento da carga de traballo derivada en gran parte da implantación de procesos e instrumentos relacionados coa implementación da Administración Electrónica, evidenciou a necesidade de adecuar a estrutura de recursos humanos a nova realidade da institución.

En resposta a esta demanda aprobouse, por acordo do Pleno de 20 de novembro do 2024 (DOG N° 231 de 29 de novembro) unha modificación parcial da RPT que afectou tanto aos departamentos sectoriais como á Secretaría xeral.

Departamentos sectoriais

Polo que respecta aos departamentos sectoriais, reforzouse a dotación das áreas de auditoría coa creación de novos postos pertencentes ás tipoloxías existentes e outros de nova tipoloxía para o desenvolvemento de funcións ad hoc.

En concreto, realizáronse as seguintes modificacións:

1. Eliminación de tres postos de Auditor/a, nivel 30.



2. Eliminación de dous postos de Axudante de auditoría, nivel 23.
3. Creación de novos postos:
 - a. Tres de Auditor/a técnico/a, nivel 28.
 - b. Dous de Técnico/a de auditoría, nivel 26.
 - c. Un de Técnico/a de xestión, nivel 25.
 - d. Dous de Analista de datos e responsable do portal de datos abertos.
 - e. Un de Analista de políticas públicas.
4. Unificación das denominacións, dos niveles e os requisitos e méritos dos postos de Auditor/a nivel 28 e Auditor/a técnico/a nivel 28, pasando a adoptar todos esta última denominación.
5. Posta ao día e definición de requisitos e méritos de todos os postos dos departamentos sectoriais.

Reconvertéronse varios postos de traballo co detalle que se reflicte no seguinte cadro:

Postos reconvertidos na Secretaría xeral

Antigo posto	Posto actual
Xefe/a de sección de xestión económica, nivel 26	Xefe de servizo de xestión económica e contratación, nivel 28
O de Xefe/a de sección de persoal, nivel 26	Xefe de servizo de recursos humanos, nivel 28
Técnico/a xurídico/a, nivel 25	Xefe/a da Unidade Técnico-xurídica, nivel 26
Técnico/a de Informática , nivel 25	Técnico/a de Informática , nivel 26
Axudante de Arquivo e biblioteca, nivel 22	Técnico de Arquivo e Biblioteca, nivel 24.
Administrativo/a de Informática, nivel 22	Administrativo/a de soporte informático, nivel 23.
Secretario/a do/a Secretario/a Xeral, nivel 18	Secretario/a do/a Secretario/a Xeral, nivel 23.
Auxiliar administrativo, nivel 16	Auxiliar administrativo, nivel 20

- Actualizáronse e definíronse os requisitos e méritos dos postos da secretaría xeral.
- Eliminouse un posto de persoal laboral (condutor/a de alto cargo)

2. Altas e baixas.

Ao longo do ano, producíronse as seguintes baixas :

- Interventor, por falecemento.
- Letrada Maior, por pase á situación de servizos especiais.
- Un condutor de alto cargo, por xubilación.

3. Provisión de postos de traballo vacantes.



A) Definitivos.

Produciuse o reingreso dun auditor/a técnico/a, procedente da situación administrativa de servizos especiais.

Respecto da vacante do posto de interventor, convocouse por acordo da Comisión de Goberno do 29 de febreiro do 2024 (DOG nº 56, do 19 de marzo) e resolveuse o 13 de maio de 2024 (DOG nº 102, do 28 de maio).

B) Provisionais.

Tomaron posesión un auditor/a técnico/a e dous técnicos/as de auditoría xa nomeados en comisión de servizos resoltas a finais do ano pasado. Así mesmo, procedeuse á cobertura en comisión de servizos dos postos de letrado/a maior, nivel 30 e letrado/a, nivel 28; dous técnicos/as de auditoría, nivel 26 e un auditor/a técnico/a nivel 28.

A estrutura do persoal resultante, a 31 de decembro de 2024, é a seguinte:

Estrutura do persoal funcionario do Consello de Contas

Persoal funcionario			
Denominación do posto de traballo	Total	Ocupadas	Vacantes
Auditor/a, nivel 30	9	9	0
Auditor/a-Director/a técnico, nivel 30	1	1	0
Interventor/a, nivel 30	1	1	0
Letrado/a Maior, nivel 30	1	1	0
Letrado/a, nivel 28	1	1	0
Auditor/a técnico/a, nivel 28	11	8	3
Xefe/a Servizo, nivel 28	3	3	0
Técnico/a de Auditoría, nivel 26	21	19	2
Analista de datos e responsable do portal de datos abertos	2	0	2
Analista de políticas públicas	1	0	1
Xefe/a de Sección, nivel 26	1	0	1
Técnico/a de Informática, nivel 26	2	2	0
Xefe Unidade Técnico xurídica, nivel 26	1	1	0
Técnico/a de xestión, nivel 25	2	1	1
Técnico/a de Arquivo e Biblioteca, nivel 24	1	1	0
Axudante de Auditoría, nivel 23	9	7	2
Admvo. Soporte informático, nivel 23	1	1	0
Secretaria/o do Secretario Xeral, nivel 23	1	1	0
Responsable área de contartación admva., nivel 22	1	0	1
Responsable área xestión econ. e asuntos xerais, nivel 22	1	1	0
Auxiliar-Admva., nivel 20	17	15	2
TOTAL PERSOAL FUNCIONARIO	88	73	15



Estrutura do persoal laboral do Consello de Contas

Persoal laboral			
Denominación do posto de traballo	Total	Ocupadas	Vacantes
Conductor/a de Alto Cargo	5	5	0
Conserxe	1	1	0
Subalterno/a	1	1	0
TOTAL PERSOAL LABORAL	7	7	0

Estrutura do persoal eventual do Consello de Contas

Persoal eventual			
Denominación do posto de traballo	Total	Ocupadas	Vacantes
Secretario/a conselleiro maior	1	1	0
Secretario/a	4	4	0
TOTAL PERSOAL EVENTUAL	5	5	0

VII.2. FORMACIÓN

O persoal do Consello de Contas de Galicia interveu en múltiples actividades formativas, tanto en calidade de asistente como de relator dos diferentes cursos e xornadas.

O seguinte cadro reflicte a participación, durante 2024, en actividades formativas impartidas pola Fundación para a Formación e Investigación en Auditoría do Sector Público (FIASEP):

Actividades formativas convocadas por FIASEP en 2024

ACTIVIDADES	Nº PARTICIPANTES
I Foro de Universidades. Xestión, financiación e rendición de contas	1
Webinar: Ciberseguridad para PYMES y autónomos	1
XI Congreso nacional de auditoría pública.	24
TOTAL	26

Otras actividades formativas realizadas en 2024

ACTIVIDADES	Nº PARTICIPANTES
Xornadas "O control interno e a súa transversalidade no Sector Público Local: retos e desafíos". COSITAL	1
5ª edición. Curso de formación para funcionarios de ICEX en materia de evaluación de políticas y programas. INAP	2
III Xornadas de Tecnoloxía, Ciberseguridade e Administración Electrónica nas ICEX. Sindicatura de Cuentas del Principado de Asturias	2
II Congreso de contratación pública: por unha contratación mais áxil, eficaz, en igualdade e sostible. Deputación da Coruña	1
Curso fiscalización contas auais consolidadas do sector público local. Tribunal de Cuentas.	1
XIV Reunión da Rede de oficinas e axencias antifraude. Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación.	1
IX Xornadas de auditoría e contabilidade en Galicia. Consello de Economistas	1
Participación nas Xornadas formativas da European week of regions and cities. INTERREG EUROPE.	1
Curso CISA. Auditor de sistemas de información certificada. ISACA	1
XVIII Xornadas STIC. CCN-CERT	1
IV Encontro Galego de Ciberseguridade. AMTEGA	1





ACTIVIDADES	Nº PARTICIPANTES
Congreso de Ciberseguridade UAD360. ETSI Málaga-Hispasec	1
Curso CISM. Certificación de xestión de seguridade da Información de ISACA. CNTG	1
Gestiona Analiza, Code e Tramitación 360. ESPUBLICO	1
X Curso STIC Cibervigilancia. CCN-INAP	1
Formación en Hacking Ético e Certificación Red Team Certified Professional	1
Certificación CompTIA Security+	1
Certificación CompTIA Pentest+	1
Curso de auditoría operativa con enfoque avaliador	19
TOTAL	39

Igualmente, no marco dos convenios de colaboración que o Consello de Contas de Galicia vén asinando anualmente coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP), o persoal da Institución asistiu a cursos organizados pola EGAP, referentes tanto ao currículo básico horizontal que constitúe as bases da organización da administración pública como aos contidos sectoriais relativos a competencias concretas.

VII.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

A Sección de Arquivo e Biblioteca constitúe unha unidade administrativa do Consello de Contas de Galicia cuxas funcións son a xestión dos recursos de información institucionais, fundamentalmente a documentación de arquivo e as publicacións propias, e a obtención dos recursos bibliográficos e documentais necesarios para o desempeño das actividades de control do sector público galego, de prevención da corrupción e as actividades administrativas corporativas.

Os servizos de Arquivo e Biblioteca teñen como obxectivo a plena satisfacción do usuario baixo criterios de legalidade, eficiencia e calidade. As actividades desenvolvidas polo Arquivo están orientadas a dar cumprimento ás funcións propias dun arquivo público do Sistema de Arquivos de Galicia: a xestión documental, a información e acceso aos documentos, e a protección do patrimonio documental do Consello. Pola súa parte, as actividades da Biblioteca dan cumprimento a estándares e normas internacionais baixo criterios de responsabilidade social, calidade técnica de procesos e servizos, produtividade, eficacia e redución de custos.

VII.3.1. ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL

A Sección de Arquivo e Biblioteca, como unidade responsable dos servizos de arquivo, desempeña as funcións propias dun arquivo central e constitúe a cabeceira do sistema de arquivos e xestión de documentos da institución.

No relativo á xestión da documentación administrativa realiza tarefas de recollida, instalación, descrición e servizo ás unidades produtoras dos fondos documentais da Institución. Como resultado desas funcións de arquivo central durante o ano 2024, no Arquivo entraron 6 unidades de instalación



de documentación transferidas desde a Secretaría Xeral. A documentación foi reinstalada e descrita ao longo do ano. Por outra banda, o Arquivo realizou 31 préstamos de documentos para a súa consulta nos despachos. Os datos destas actividades quedan recollidos no seguinte cadro resumo:

Unidades de instalación ingresadas e prestadas en 2024

	Conta Xeral	Coordinación	Corporacións Locais	Institucional	Sergas	Secretaría	Total
Ingresadas	-	-	-	-	-	6	6
Prestadas	3	-	17	-	5	6	31

Para poder achegar información relativa á xestión dos documentos e arquivo ás unidades administrativas e ás áreas de fiscalización, seguimos desenvolvendo dentro da Intranet a sección denominada ARQUIVO que conta cos apartados de Información Xeral do Arquivo, Xestión documental onde se expoñen as funcións da Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental, e SIACON (Sistema de Información Administrativa do Consello de Contas de Galicia).

A Sección de Arquivo e Biblioteca realiza a través da Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental (CTAXD) e do Grupo de Traballo de e-Administración (GTAE), como órganos técnicos consultivos, propostas de regulación e desenvolvemento do Sistema de arquivos e de xestión dos documentos da institución. Así mesmo, a unidade desenvolveu diversas actividades encamiñadas a dar cobertura a proxectos corporativos relativos ao desenvolvemento de procesos de identificación e catalogación dos procedementos da institución e de identificación e catalogación das actuacións correspondentes aos plans anuais de traballo da Institución.

Actualmente o Arquivo forma parte do Consello de Arquivos de Galicia cuxa última reunión tivo lugar o 18 de xuño de 2024.

VII.3.2. BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

Para o desenvolvemento das funcións propias dun servizo de Biblioteca, realízanse actividades de carácter técnico, de selección e tratamento da información, e tarefas de prestación de servizos a usuarios internos e a institucións e usuarios externos. Estas actividades teñen como obxecto o subministro de información adecuada e aliñada coas metas do Consello, a promoción da educación e o desenvolvemento profesional do persoal, a accesibilidade, a rapidez e a pertinencia na atención ao usuario.

Dentro dos procesos técnicos son fundamentais os de localización e adquisición de fondos e documentos, e os que teñen como obxecto o control dos recursos bibliográficos mediante a súa incorporación ao catálogo automatizado da Biblioteca. Os datos que resumen o noso desempeño neste sentido son os seguintes:



Rexistros catálogo automatizado 2024

Monografías	Publicacións seriadas	Exemplares de publ. seriadas	Analíticas de periódicas e monografías	Total
Rexistros catalogados en 2024				
28	-	123	194	345
Número total de Rexistros no Catálogo a 31/12/2024				
10.149	396	11.370	13.052	34.967

A Sección de Arquivo e Biblioteca como centro de documentación presta servizos de atención personalizada en sala, facilitando información sobre fondos ou servizos propios, efectuando buscas bibliográficas e localizando fondos doutras bibliotecas ou servizos documentais. Pódese estimar que durante o ano 2024 a Biblioteca recibiu 1.872 visitas do persoal da Institución. Os datos recollidos no seguinte cadro reflicten o número de solicitudes atendidas pola Biblioteca nos servizos de Préstamo a domicilio e de Acceso ao documento, así como o número de documentos ou copias facilitadas mediante estes servizos:

Servizos aos usuarios 2024

Fondos bibliográficos	Número de solicitudes	Número de ítems
Préstamo a domicilio	1366	195
Acceso ao documento	4	11 1 libro electrónico
Rexistro mercantil	Número de empresas	Número de solicitudes
	3	3

Ademais dos servizos de atención personalizada a Biblioteca presta outros servizos de referencia e difusión da información, empregando as seguintes canles:

- O módulo OPAC que permite a todo o persoal da Institución consultar en todo momento o catálogo bibliográfico da Biblioteca e acceder a artigos de revistas a texto completo e aos sumarios das monografías de maior interese.
- A Intranet da institución que constitúe un portal único que fai visibles os recursos da Biblioteca, facilita o acceso a recursos de información virtual, e permite unha difusión práctica e áxil da información, mediante alertas ou boletíns de novidades institucionais, xurídicas ou bibliográficas.
- O correo electrónico que se emprega como complemento na difusión de novas sobre os servizos da Biblioteca ou como canle de difusión de información de interese.

No cadro de abaixo queda constancia do número de consultas efectuadas na Intranet aos recursos e servizos da Biblioteca e tamén das consultas dos fondos da Biblioteca mediante o catálogo OPAC:



Consultas 2024

Consultas no OPAC	Consultas na Intranet					Total Intranet
	Información xeral	Catálogo web	Bases de datos	Revistas electrónicas		
123	265	114	492	321		1192

VII.3.3. COMISIÓN TÉCNICA DE ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL

O 2 de febreiro do 2018 o Pleno do Consello de Contas adoptou o Acordo polo que se crea e regula a Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental do Consello de Contas de Galicia (DOG núm. 39, do 23 de febreiro de 2018), constituíndose o 12 de abril de 2018.

A Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental (CTAXD) constitúe un órgano técnico e de asesoramento, adscrito á Secretaría Xeral do Consello, encargado da avaliación e selección documental e do estudo das medidas e procedementos orientados á mellora da xestión documental e a coordinación do Sistema arquivístico da Institución. A norma define a xestión documental e determina, entre as funcións e procesos que deben incluírse no sistema de xestión documental e arquivo, os relativos á definición e catalogación dos procedementos administrativos, ao deseño dos documentos e ás garantías de xestión documental, seguridade da información e protección de datos persoais na implantación dos procedementos electrónicos. As funcións desta comisión detállanse no artigo terceiro da citada norma de creación.

A CTAXD está composta (art. 4) por unha Presidencia, unha Secretaría e cinco vogais con voz e voto. Correspóndelle a Presidencia ao/á titular da Secretaría Xeral do Consello e a Secretaría a un técnico ou técnica da unidade administrativa responsable en materia de arquivo. Son vogais a persoa titular da unidade administrativa responsable en materia de arquivo, a persoa responsable do Servizo de Informática, un letrado ou letrada, a persoa titular dunha das unidades administrativas da Secretaría Xeral e un auditor ou auditora.

Os actuais membros da CTAXD foron nomeados por acordo da Comisión de goberno de 13 de decembro de 2024. No exercicio 2024 non se reuniu.

VII.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA

VII.4.1. PROXECTOS CORPORATIVOS

Goberno do dato

Proxectos de tratamento de información na ferramenta Business Intelligence (BI)

O Consello de Contas continúa a traballar para dar cumprimento a un dos obxectivos estratéxicos do OE 3.1. Desenvolver sistemas avanzados de goberno do dato recollido no Plan estratéxico do Consello de Contas de Galicia (2023-2028). Para iso no 2023 realizou un acordo marco dun servizo de mellora



continua e formación en BI sobre as aplicacións implantadas en Qlik Sense. Isto permitiu dispor dun marco estable en canto á contratación para poder abordar de xeito áxil e continuo os proxectos de tratamento de datos sobre a ferramenta BI durante os vindeiros anos.

Ao longo do 2024 puidéronse executar os primeiros contratos derivados para conseguir o tratamento unificado de todos os datos dos informes recorrentes do Consello que recollen a información da rendición obrigatoria das entidades dos dous sectores da administración.

Sector Local

Realizouse unha ampliación de carga e transformación de datos en QLIK relativas á Conta Xeral do Sector Local coa incorporación de numerosas táboas da memoria, as contas consolidadas e o tratamento de incidencias da conta.

Neste sector realizáronse proxectos de tratamento da información de contratos, convenios e control interno para lograr unha integración entre diferentes modelos de rendición que conviven na plataforma de rendición do Sector Local.

Sector Autonómico

Realizouse un proxecto integral de carga e tratamento da Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma permitindo poñer a disposición dos equipos de auditoría da información da Conta Xeral os exercicios 2022 e 2023 para realizar análises avanzadas automatizadas na ferramenta de BI.

Proxecto de tratamento de información para un informe específico

Para a elaboración dun informe de gasto farmacéutico do SERGAS realizouse un tratamento completo da información de bases de datos de receitas con millóns de rexistros de varios exercicios que, polo seu volume, non se podía tratar con Excel ou Access. Isto supuxo a creación de procesos especializados na ferramenta de BI, para a carga das bases de datos e a preparación de análises sobre a prescrición das receitas ou a sustentabilidade financeira.

A execución destes proxectos realizouse en base aos diferentes tipos de tarefas recollidos no acordo marco:

- TP.1 - Análise e modelado de datos.
- TP.2 ETL - Extracción, transformación e carga de datos.
- TP.3 Desenvolvemento de apps, follas de datos e cadros con apoio aos auditores.
- TP.4 Desenvolvemento de mashups ou elementos de visualización e publicación.
- TP.5 Xestión de infraestrutura do sistema BI.
- TP.6 Sesións de formación.



Administración Dixital

Implantación do posto de traballo dixital

Durante o exercicio 2024 executouse o proxecto de implantación de Microsoft365 que incluiu as seguintes actuacións ao longo de varios meses:

- Migración á plataforma de Microsoft dos servizos de Google Workspace: correo electrónico, calendario e contactos e chat corporativo.
- Migración dos contidos da Intranet corporativa a SharePoint.
- Implementación de equipos Teams para grupos de traballo e comisións do Consello.
- Integración e funcionalidades de SharePoint, Teams, Exchange e outros sistemas propios de Microsoft 365.

Renovación da plataforma de administración electrónica

Un dos proxectos do exercicio 2024 foi a renovación da contratación da plataforma de administración electrónica sobre a que actualmente están implantados un bo número de procedementos da institución ademais de dar cabida aos trámites externos dende a sede electrónica. Esta plataforma é tamén o pilar base na execución tanto do traballo administrativo como da xestión dos órganos colexiados da institución.

Desenvolvemento dunha aplicación de xestión de riscos

Outro dos proxectos que se levaron a cabo foi o desenvolvemento dunha aplicación web para a autoavaliación de riscos de xestión, que estará proximamente dispoñible para as entidades que integran o sector público local e autonómico de Galicia a través da web da institución.

Iniciativas de colaboración en materia de TI

1. Fiscalicex

Durante o 2024 promoveuse a implantación de Fiscalicex en todas as áreas do Consello e o servizo de informática participa regularmente no seguimento da evolución do proxecto xunto co Tribunal de Cuentas e os OCEX participantes do proxecto.

2. Aloxamento externo da plataforma Fiscalicex

O aloxamento e soporte da aplicación Fiscalicex foi supervisado dende o servizo para poder optimizar os recursos e garantir a adecuada dispoñibilidade da aplicación.

3. Plataforma de rendición do Sector Local

O servizo de informática participa regularmente no seguimento da evolución deste proxecto xunto co Tribunal de Cuentas e os OCEX participantes do proxecto.

4. Comisión de Digitalización de ASOCEX



En 2024 creouse a Comisión de Digitalización de ASOCEX composta polos responsables de informática e tecnoloxías de información de tódolos OCEX. Leváronse a cabo diferentes iniciativas de integración e formación e impulsáronse proxectos comúns en materia de contratación.

VII.4.2. RENOVACIÓN E MANTEMENTO DE SISTEMAS

Renovación da garantía, soporte e mantemento da infraestrutura de CPD

No 2024 foi necesaria a renovación da extensión de garantía, soporte e mantemento de toda a infraestrutura do Centro de Procesamento de Datos (CPD) do Consello de Contas. Esta consiste nunha serie de sistemas de infraestrutura horizontais que proporcionan o base sobre a que se sustentan todos os servizos internos: Servidores físicos en formato rack, cabina de almacenamento, sistema de virtualización configurado como clúster de alta dispoñibilidade, sistema de respaldo servidor físico NAS e sistema de copias de seguridade integrado co sistema de virtualización.

VII.4.3. CONFIGURACIÓN E SOPORTE DE SISTEMAS

Durante o exercicio 2024 o servizo de informática, empregando os recursos propios da Institución levou a cabo todas as tarefas relacionadas coa configuración e soporte de sistemas e mantemento do CPD como son:

- Instalación e xestión de paquetes software, tanto de uso xeneralizado (sistema operativo, antivirus, etc.) como específico dun usuario ou grupos de usuarios.
- Instalación e configuración das aplicacións corporativas do Consello de Contas
- Administración de servidores (Windows Server, Linux) e da contorna de virtualización.
- Deseño e administración de bases de datos corporativas.
- Mantemento de rede e dos servizos. Cabe destacar o incremento e dedicación ás tarefas en materia de seguridade como poden ser:
 - Monitorización do estado de seguridade de rede, servidores e equipos finais.
 - Configuración do equipamento de seguridade perimetral e de posto final.
 - Xestión de incidencias de seguridade.

VII.4.4. ATENCIÓN AOS USUARIOS

Entre as funcións do servizo está a atención ao persoal do Consello e dende a posta en marcha da nova sede electrónica a atención a usuarios das entidades na resolución de incidencias e dúbidas do funcionamento do contorno. As tarefas máis importantes deste ámbito son:

- Asesoramento aos usuarios na utilización avanzada das ferramentas ofimáticas e aplicacións corporativas.



- Atención de incidencias de equipamento de microinformática.
- Atención de usuarios externos nos servizos de sede electrónica.
- Implantación de novos mecanismos e procesos para o soporte dos usuarios que teletraballan.

VII.5. GRUPO DE TRABAJO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

O Grupo de Trabajo de Administración Electrónica (GTAE) creado no seo da Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental (CTAXD) o 4 de outubro de 2018 e que, mediante o acordo do Pleno, do 20 de decembro de 2018, pasou a depender do Pleno, ten por finalidade avaliar a adaptación da institución á lexislación da administración electrónica, tanto no relativo ao específico dos propios procedementos, e ás canles de comunicación en uso, como no relativo á tecnoloxía específica necesaria para a implantación da Administración electrónica e o traballo de soporte organizativo dos procesos internos.

O Grupo de Trabajo está formado por: un conselleiro ou conselleira do Pleno do Consello de Contas, que actúa como presidente, a persoa titular do Servizo de informática, a persoa titular da Sección de Arquivo e Biblioteca, un letrado ou letrada dos servizos xurídicos e un/unha funcionario/a designado pola Secretaría Xeral, que actúa como secretario ou secretaria daquel. A composición do GTAE a 31 de decembro do 2024 era a seguinte:

Presidente: don Anxo Ramón Calvo Silvosa, conselleiro da área institucional.

Secretaria: dona María Pérez Vázquez, auditora directora técnica.

Vogais: dona Ana Ornilla Guillamón, secretaria xeral.

don José Luis Rodríguez Pedreira, letrado maior.

don Juan José García Martínez, auditor da área de corporacións locais.

dona Mar Cibreiro Cordeiro, xefa do servizo de informática.

dona M^a Consuelo Tacón Sanjuás, técnica de arquivo e biblioteca.

Durante o ano 2024 o grupo celebrou 10 sesións ás que asistiu como invitado o conselleiro maior, don Juan Carlos Aladro Fernández. A continuación detállanse os principais asuntos tratados.

Convalidación de procedementos e guías

Coa implantación da administración electrónica abriuse un proceso de elaboración e adaptación ao novo contexto dos procedementos de xestión interna, liderado polo GTAE en colaboración cos servizos implicados en cada caso. Os traballos desenvolvidos consistiron tanto no deseño de procedementos como na elaboración de guías prácticas para a súa aplicación.



Na sesión celebrada no mes de outubro do 2024 o grupo acordou que se elevaran ao Pleno, para a súa convalidación, todos os procedementos e guías elaborados ata o 31 de decembro do 2024. O seguinte cadro recolle a relación destes procedementos convalidados por acordo do Pleno do 10 de febreiro do 2025:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
ADM02002	Procedemento de presentación de documentación para alleamento de bens mobles.
	Guía-procedemento de alleamento de bens
ADM030203	Procedemento de expedientes de indemnizacións por razóns do servizo.
	Guía procedemento expedientes de indemnizacións por razóns do servizo.
ADM050205	Procedemento de solicitude de certificado de persoal.
	Guía procedemento de solicitude de certificacdo de persoal.
CÓDIGO	DENOMINACIÓN
ADM050310 ADM050311	Procedemento de solicitude de autorización do teletraballo.
	Procedemento de seguimento do teletraballo.
	Guía-procedemento de solicitude de autorización e seguimento do teletraballo v2
ADM050514	Procedemento de axudas ao transporte e mobilidade.
	Guía-procedemento de solicitude de axudas o transporte por ferrocarril.
ADM050601	Procedemento de solicitude de autorización e cursos de formación.
	Guía-procedemento solicitude de autorización de cursos.
ADM060202	Procedemento de transferencia de documentación ao arquivo.
	Guía-procedemento para a transferencia de documentación en papel ao arquivo.
ADM060203	Procedemento de solicitude de información ao Rexistro Mercantil.
	Guía-procedemento Solicitude de información ao Rexistro Mercantil.
ADM100100	Procedemento de solicitude de certificado electrónico de empregado público do Consello de Contas de Galicia.
	Guía-procedemento de solicitude de certificado electrónico de empregado público.
AXU000001	Procedemento de actuacións sobre dilixencias abertas polo Tribunal de Cuentas.
	Guía-procedemento de actuacións sobre dilixencias abertas polo Tribunal de Cuentas.
FIS000000	Procedemento de fiscalización
	Guía práctica trámites FIS e PCO Gestiona versión 1-3
FIS120101	Procedemento de designación do equipo visador para o control de calidade.
	Guía procedemento designación do equipo visador para o control de calidade.
GOB060101	Procedemento de elaboración dos plans anuais de traballo.
	Guía-procedemento elaboración PAT.
GOB090002 GOB090004 GOB090007 GOB090008	Procedemento de xestión do sistema interno de información-Comité de Ética.
	Procedemento de publicación pronunciamentos e informes de actuacións do sistema interno de información-Comité de Ética.
	Procedemento de xestión do sistema interno de información - ORSI
	Procedemento de publicación de pronunciamentos e informes de actuacións do sistema interno de información – ORSI
	Guía de procedementos do sistema interno de información (ORSI e Comité de Ética)



Modificación da intranet e da web do Consello

Por iniciativa do GTAE, e baseándose nas propostas presentadas polo grupo, no exercicio 2024 actualizouse o contido da intranet para acadar unha organización máis racional da información publicada.

Tamén, de cara á próxima modificación da web prevista para o exercicio 2025, creouse un grupo de traballo encargado de perfilar os cambios que se queren introducir e de actualizar as pautas xerais para a revisión e actualización do estilo corporativo.

Proxecto FISCALICEX

O Consello de Contas incorporouse ao proxecto impulsado polo Tribunal de Cuentas denominado FISCALICEX para o desenvolvemento dunha ferramenta informática de xestión de auditoría que abarque todo o proceso de xestión e tramitación das fiscalizacións e cumpra todos os requisitos de interoperabilidade e seguridade informática vixentes. O Grupo de traballo participou no seguimento dos avances, tanto na implantación da ferramenta en fase de proba, como nas cuestións técnicas de aloxamento da aplicación.

Ademais, no exercicio 2024 impartíuse por iniciativa do grupo unha sesión formativa sobre esta ferramenta para cada unha das áreas do Consello.

Plan Específico de Administración Electrónica

Rematado o prazo de vixencia do Plan de Implantación da Administración Electrónica no Consello de Contas de Galicia e avaliado na consecución dos seus obxectivos, iniciáronse os traballos de elaboración dun Plan Específico enmarcado nas actuacións do Plan Estratéxico do Consello de Contas para o período 2023-2028. O grupo de administración electrónica participou nestes traballos presentando propostas sobre as accións a realizar. O documento final foi aprobado polo Pleno o 28 de maio do 2024.

Proxectos de Tecnoloxías da Información e da Comunicación

Abordáronse temas relacionados cos proxectos de *intelixencia empresarial (BI)*, para a análise e explotación de datos.

A proposta do grupo, no exercicio 2024 constituíuse un grupo de traballo integrado por representantes de todas as áreas para abordar en común as posibilidades que ofrece a ferramenta *QlikSense*.

Tamén se trataron cuestións relacionadas coa implantación do produto *Microsoft 365*, do xestor de expedientes de contratación PLATION e da integración co Sistema de Interconexión de Registros (SIR).



VIII. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL

O Consello de Contas participa activamente en distintos foros, tanto a nivel nacional como internacional, potenciando a proxección da Institución fóra da Comunidade Autónoma, mediante a elaboración de relatorios e comunicacións, fundamentalmente no ámbito da colaboración entre os diferentes órganos de control externo, que permiten unha adecuada difusión da labor desenvolvida por esta Institución.

O conselleiro maior, don Juan Carlos Aladro Fernández, no exercicio 2024 representou á Institución nas seguintes ocasións:

- 16 de xaneiro, asistencia á toma de posesión do reitor da Universidade da Coruña.
- 22 de xaneiro, asistencia ao Acto académico na honra de San Raimundo de Peñafort, patrón da Facultade de Dereito. Universidade de Santiago de Compostela.
- 7 de febreiro, asistencia á entrega de premios da Cultura Galega en Pontevedra.
- 26 de febreiro, reunión telemática da Asociación de Órganos de Control Externo, ASOCEX.
- 19 de marzo, participación no V Congreso Internacional de Control Público e Loita Contra a Corrupción.
- 10 de abril, reunión telemática da Asociación de Órganos de Control Externo, ASOCEX.
- 13 de abril, toma de posesión do Presidente da Xunta en San Domingos de Bonaval.
- 16 de abril, acto de apertura da XII Lexislatura do Parlamento.
- 18 de abril, asistencia á toma de posesión do Presidente da Cámara de Cuentas de Madrid.
- 19 de abril, asistencia á toma de posesión do Fiscal xefe da Área de Vigo.
- 19 de abril, asistencia á toma de posesión do Fiscal provincial de A Coruña
- 14 de maio, participación na homenaxe a José Antonio Redondo López, organizado pola USC en colaboración con Red Locais e o Consello de Contas.
- 24 de maio, asistencia a Asemblea Xeral de EURORAI, Graz (Austria).
- 26 de xuño, reunión da Asociación de Órganos de Control Externo, ASOCEX en Madrid.
- 26 de xuño, reunión da Comisión de Coordinación TCu e Presidentes dos OCEX en Madrid.
- 27 de xuño, relatorio sobre “As boas e malas prácticas da responsabilidade social corporativa” no Círculo de Empresarios de Vigo.



- 2 de xullo, comparecencia ante a Comisión Permanente non Lexislativa de relacións co Consello de Contas de Galicia para presentar a Memoria de 2022 que contén os correspondentes informes de fiscalización do sector público de Galicia, incluído o de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do 2021. Nesta mesma comparecencia presentou o Plan anual de traballo do Consello de Contas para o exercicio 2024.
- 24 de xullo, asistencia ao acto da entrega de medallas de Galicia 2024 na Cidade da Cultura.
- 25 de xullo, acto de recibimento e honra ao Delegado Rexio na Ofrenda ao Apóstolo Santiago.
- 31 de xullo, presentación no Parlamento de Galicia da Memoria de actividades do Consello de Contas, exercicio 2023.
- 11 de setembro, firma dun Protocolo de colaboración entre a Fiscalía do Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia.
- 23 de setembro, reunión da Comisión de seguimento do Protocolo de colaboración asinado entre o Consello de Contas e a Fiscalía da Comunidade Autónoma.
- 25 de setembro, asistencia ao acto de inauguración polo Presidente do Parlamento das obras de accesibilidade ao Parlamento.
- 9 de outubro, asistencia á Xornada “Estado de la ciberseguridad en las Entidades Locales” en León.
- 11 de outubro, asistencia á toma de posesión do Presidente do Consello Consultivo de Galicia.
- 23 de outubro, asistencia á presentación do informe da memoria Banco de España. 2023.
- 30 de outubro, comparecencia ante a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia para a presentación do proxecto de orzamentos 2025.
- 27 de novembro, comparecencia na Comisión de investigación contratación pública de la Administración Autonómica.
- 9 de decembro, inauguración xunto co reitor da USC das xornadas de integridade pública organizadas polo Consello de Contas.
- 11 de decembro, reunión da Asociación de órganos de control externo, ASOCEX en Toledo.
- 11 de decembro, reunión semestral da Comisión de coordinación entre o Tribunal de Cuentas e os Órganos de control externo.





O conselleiro don Constantino Carreiras Souto, na súa condición de conselleiro do Consello de Contas de Galicia da área de Conta Xeral, no ano 2024, participou en distintas xornadas, seminarios e congresos celebrados a nivel nacional e internacional, entre os que cabe destacar:

- 13 de abril de 2024, acto de Toma de posesión do Presidente Xunta de Galicia, en Parque San Domingos de Bonaval - Santiago de Compostela
- 14 de maio de 2024, acto de homenaxe a José Antonio Redondo, no Salón Noble Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela Organizado pola Universidade de Santiago, Red Localis e Consello de Contas de Galicia.
- 23 a 26 de maio de 2024, Seminario internacional de EURORAI, celebrado en Graz-Austria.
- 12 de xuño de 2024, reunión da Comisión Coordinación no ámbito autonómico do Tribunal de Cuentas e os OCEX, celebrada en Melilla.
- 27 de xuño de 2024, reunión da Comisión Mixta do convenio de colaboración entre o Consello de Contas e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, celebrada no Consello de Contas de Galicia.
- 3 de xullo de 2024, acto de Presentación libro de Alfonso R. Castelao “O Estatuto de Galiza antecedentes e comentarios”, celebrado no Parlamento de Galicia.
- 24 de xullo do 2024, acto de entrega de “Medallas de Galicia 2024”, celebrado na Cidade da Cultura.
- 30 de setembro a 2 de outubro de 2024, Seminario de EURORAI, celebrado en Bruxelas.
- 16, 17 e 18 de outubro de 2024 “XI Congreso de auditoría en el Séctor Público” celebrado en Madrid, organizado por FIASEP.
- 7 de novembro do 2024, reunión da Comisión Coordinación no ámbito autonómico do Tribunal de Cuentas e os OCEX, celebrada en Salamanca.
- 9 de decembro de 2024, Primeiras Xornadas de Integridade Pública “Integridade no exercicio de función pública” celebradas en Santiago de Compostela e organizadas polo Consello de Contas de Galicia.
- 19 de decembro de 2024, reunión da Comisión MIXTA do convenio de colaboración entre o Consello de Contas e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, celebrada na Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia.

No ano 2024, o conselleiro da área de corporacións locais don Simón Rego Vilar representou á Institución, participou e estivo presente en distintos actos e reunións, xornadas, seminarios e congresos celebrados a nivel nacional e internacional, entre os que cabe destacar:



- Asistencia ao Acto de clausura do proxecto «Reforzo da Estratexia Nacional da loita contra o Fraude en España», organizado polo Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) coa asistencia técnica da Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) en Madrid o 23 de xaneiro de 2024.
- Participación no Congreso Internacional de Contratación Pública 2024: Contratación Pública Estratéxica e Sostible organizado pola Universidade de Castela-A Mancha e o Observatorio da Contratación Pública en Cuenca os días 5 ao 7 de febreiro de 2024.
- Asistencia por videoconferencia ao Seminario de Contratación: El futuro de la contratación pública: el impacto del Informe Especial n.º 28/2023 del Tribunal de Cuentas Europeo organizado polo European Institute of Public Administration (EIPA) o 27 de febreiro de 2024.
- Reunión coa alcaldesa do concello de Santiago de Compostela, Goretti Sanmartín Rei, o 19 de marzo de 2024.
- Participación na Mesa Redonda: O Control da contratación pública e en especial os contratos financiados con fondos Next Generation no II Congreso de contratación pública; por unha contratación máis áxil, eficaz, en igualdade e sustentabilidade organizado pola Deputación da Coruña o 1e 2 de abril de 2024.
- Reunión coa alcaldesa do concello de Forcarei, Verónica Pichel, o 11 de abril de 2024.
- Participación coa Presentación dos Informes de fiscalización dos controis básicos de ciberseguridade das Deputacións Provinciais galegas na Xornada sobre ciberseguridade na administración local: ameazas e retos de goberno organizada pola Deputación da Coruña o 15 de abril de 2024.
- Asistencia á Reunión da Comisión de Coordinación de Entidades Locais Tribunal de Cuentas e os Órganos de Control Externo e da Comisión da Plataforma de Rendición de Contas das Entidades Locais en Palma de Mallorca o 8 e 9 de maio de 2024.
- Reunión coa alcaldesa do Concello de Cambre, o 13 de maio de 2024.
- Asistencia ao acto homenaxe a José Antonio Redondo López, conselleiro maior do Consello de Contas (2015-2023) organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, Red Localis e o Consello de Contas de Galicia o 14 de maio de 2024.
- Reunión co secretario xeral do Consello Consultivo don José Ángel Oreiro Romar o 22 de maio de 2024.
- Asistencia ao Seminario de Eurorai «Os retos a afrontar polos órganos rexionais de control externo do sector público en relación co cambio climático e o seu impacto nas políticas públicas» en Graz Austria o 24 de maio de 2024.





- Asistencia á Conferencia CECAN 2024: Mirando cara atrás e mirando cara a adiante: Pechar o círculo da avaliación á formulación de políticas organizada polo Centre for Evaluation of Complexity Across the Nexus (CECAN) en Londres o 4 de xuño de 2024.
- Reunión para a presentación do informe de auditoría dos controis básicos de ciberseguridade no concello da Coruña o 7 de xuño de 2024.
- Reunión por videoconferencia con concellos de Galicia para presentación do inicio actuación informe fiscalización o 18 de xuño de 2024.
- Participación no VI Congreso Red Localis «A reforma inconclusa das competencias locais» co relatorio: Competencias locais e control externo. Un diagnóstico e tres estudos de caso: desigualdade, reto demográfico e entidades locais menores en Santiago de Compostela o 20-21 de xuño de 2024.
- Reunión por videoconferencia co síndico do departamento sectorial E (concellos, EMD, Conta Xeral e CCLL) da Sindicatura de Comptes de Catalunya para tratar sobre as experiencias de controis básicos de ciberseguridade o 25 de xuño de 2024.
- Asistencia ao European Urban Resilience Fórum en Valencia o día 26 de xuño de 2024.
- Asistencia á reunión da Comisión de apoio do sector público local para a implantación das Normas de Xestión da Calidade (NGC) organizada pola Oficina Nacional de Auditoría (ONA)– Intervención Xeral do Estado (IGAE) en Madrid o 9 de xullo de 2024.
- Participación no XVII Congreso AECPA: A democracia ante os desafíos multinivel no Grupo de traballo: A xestión dos fondos Next Generation: un reto multinivel co relatorio: Do greenwashing ao integrity-washing: a importancia dos modelos de prevención da fraude na xestión NextGen organizado pola Asociación Española de Ciencia Política e da Administración en Burgos os días 22-24 de xullo de 2024.
- Asistencia por videoconferencia á Presentación da revisión sobre o marco de garantía e os factores clave que contribúen aos erros no gasto de cohesión para o período 2014-2020 organizada por European Court of Auditors (ECA) o 10 de xullo de 2024.
- Participación na xornada «O recoñecemento extraxudicial de créditos no ámbito local: problemas e propostas de solución» co relatorio «A realidade dos REC na administración local de Galicia» organizada pola Cátedra de Dereito Local-Universidade da Coruña-Consello de Contas o 13 de setembro de 2024.
- Participación na Xornada de «Contratación pública estratéxica de xestión de residuos municipais: recomendacións e boas prácticas» na Mesa relativa á “Preparación e adxudicación e execución dos contratos de recollida e transporte de residuos municipais”



organizada pola Fegamp (Federación Galega de Municipios e Provincias), Fogalec (Foro Galego Local de Economía Circular) e colaboración do Firec (Foro de Intercambio de Coñecemento sobre Residuos e Economía Circular-UDC) en Santiago de Compostela o 23-24 de setembro.

- Participación no III Congreso Contratación Pública Valencia: Cara a unha contratación pública áxil e sinxela co relatorio «Planificación, profesionalidade integridade na contratación pública» organizado pola ADEIT - Fundació Universitat Empresa-Universitat de València en Valencia o 26 e 27 de setembro de 2024.
- Participación na Xornada «O modelo de xestión de residuos da lei 7/2022. Análise e valoración das implicacións técnicas, administrativas e económicas» co relatorio “Problemática na contratación pública da xestión de residuos municipais na adecuación á Lei 7/2023: recomendacións prácticas” organizada pola Deputación da Coruña e coa colaboración do COSITAL Atlántico en A Coruña o 30 de setembro de 2024.
- Asistencia ao Seminario de Eurorai: O control externo do sector público en tempos de orzamentos axustados e a obtención das correspondentes marxes de actuación que tivo lugar os días 30 de setembro-2 de outubro en Bruxelas.
- Participación no Curso: Compliance no ámbito do sector público: cumprimento normativo en subvencións, contratación e sistemas de integridade para a prevención da fraude organizado pola Cámara de Cuentas de Castela-A Mancha os días 7-9 de outubro de 2024.
- Reunión por videoconferencia co concello de Vigo para a presentación do inicio dos traballos de fiscalización dos controis básicos de ciberseguridade (CBCS) nos concellos galegos de máis de cen mil habitantes o 11 de outubro de 2024.
- Participación como relator no panel «A calidade un elemento esencial» no XI Congreso Nacional de Auditoría do Sector Público: «O beneficio social da auditoría pública» organizado por FIASEP en Madrid os días 16-18 de outubro de 2024.
- Participación no ciclo «Aprendendo das empresas e institucións» na Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias da Universidade de Santiago de Compostela coa conferencia «O control externo nas administracións públicas» o 23 de outubro de 2024.
- Asistencia ás Xornadas «Novo marco das regras fiscais para as facendas locais» organizadas pola Deputación da Coruña o 18 de outubro de 2024.
- Participación coa conferencia «Xestión Pública: das historias inventadas ás evidencias. O control externo independente en tempos de incertezas» organizada pola Facultade de Dirección e Xestión Pública Campus de Pontevedra - Universidade de Vigo o 30 de outubro de 2024.



- Asistencia por videoconferencia ao webinar: The roles of regulators in a changing world organizado por National Audit Office o 4 de novembro de 2024.
- Reunión con persoal da Subdirección Xeral do Tesouro no Consello de Contas de Galicia o 14 de novembro de 2024
- Reunión por videoconferencia con membros da Sindicatura de Comptes de les Illes Balears o 14 de novembro de 2024.
- Reunión de traballo con persoal da Intervención Xeral da Deputación da Coruña o 20 de novembro de 2024
- Participación no Curso Axudas do Estado organizado pola Fundación de Biodiversidad en Madrid o 25 de novembro de 2024
- Asistencia á Presentación do II Informe Observatorio dos ODS no Sector Público organizado pola Fundación Aranzadi La Ley en Madrid o 25 de novembro de 2024.
- Reunión por videoconferencia cos alcaldes galegos para a elaboración dun informe de fiscalización o 28 de novembro de 2024.
- Organizador das Xornadas 2024: Integridade no exercicio de funcións públicas organizadas polo Consello de Contas de Galicia na Facultade de CCEE da Universidade de Santiago de Compostela o 9 de decembro de 2024.
- Participación co relatorio «Xestión pública: das historias inventadas ás evidencias. O control externo independente en tempos de incerteza» na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela o 11 de decembro de 2024
- Asistencia á reunión da Comisión de Coordinación no ámbito local do Tribunal de Cuentas e os Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas en Madrid o 12 de decembro de 2024.
- Participación no Curso Axudas do Estado organizado pola Fundación de Biodiversidad en Madrid o 17 de decembro de 2024.
- Participación no Foro Oficina Independente de Regulación Supervisión da Contratación (OIRESCON) na Mesa Incumplimentos. Módulo X: Os Órganos de Control en Materia de Contratación Pública en Madrid o 18 de decembro de 2024.
- Asistencia á Xornada La reforma de la Administración Pública: situación y retos organizada pola Cámara de Comptos de Navarra o 20 de decembro en Navarra.



O conselleiro don Anxo Ramón Calvo Silvosa, en condición de conselleiro do Consello de Contas de Galicia da Área Institucional participou, durante o ano 2024, en distintas xornadas, seminarios e congresos realizados a nivel nacional e internacional, entre os que cabe salientar:

- 10 de xaneiro do 2024: Conferencia online na Universidade de Pforzheim (Hochschule Pforzheim – HSPF (Alemaña), titulada: *"Offshore Renewable Energy under a public auditing approach"*.
- 16 de xaneiro do 2024: Acto na Universidade da Coruña. Toma de posesión do novo reitor da Universidade da Coruña, D. Ricardo Cao Abad.
- 14 de febreiro do 2024: Acto na Universidade da Coruña. Asistencia á presentación de traballos sobre Colaboración Público Privada no Mestrado Interuniversitario de Economía.
- 15 de marzo do 2024: Conferencia na Universidade de Vigo, titulada *"Democracia e transparencia: o papel do control externo da xestión pública"*.
- 03 de abril do 2024: Conferencia na Facultade de CC.EE. e EE. da Universidade de Santiago, titulada *"O control externo do sector público"*.
- 08 de abril do 2024: Obradoiro sobre Control Externo do Sector Público, na Universidade da Coruña.
- 11-12 de abril do 2024: *"I Foro de Universidades"*. Foro conxunto organizado pola Fundación FIASEP en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.
- 13 de abril, toma de posesión do Presidente da Xunta en San Domingos de Bonaval.
- 03 de maio do 2024: Xornada formativa: *"Auditoría operativa con enfoque avaliador"*, dirixida e organizada por Anxo Ramón Calvo Silvosa, e impartida por Antonio M. López Hernández, conselleiro da Cámara de Cuentas de Andalucía.
- 14 de maio do 2024: Homenaxe a José Antonio Redondo López no Salón Nobre de Fonseca. Santiago de Compostela.
- 23-25 de maio do 2024: Seminario Internacional EURORAI en Graz (Austria): *"Los retos a afrontar por los órganos regionales de control externo del sector público en relación con el cambio climático y su imparto en las políticas públicas"*.
- 05 de xuño do 2024: Reunión anual da Comisión de Coordinación TCu-OCEX para o impulso da administración electrónica (asistencia online).
- 17 de xuño do 2024: Reunión preparatoria para o 34º Fórum de la Auditoría Profesional, co lema *"Auditoría 360º"*, que tivo lugar en Sitges os días 4 e 5 de xuño de 2024.





- 25 de xuño do 2024: Reunión virtual da xunta directiva do Instituto Español de Analistas de Galicia.
- 25 de xuño do 2024: Asemblea Xeral do Instituto Español de Analistas de Galicia. Reunión virtual.
- 03 de xullo do 2024: Asistencia no Parlamento de Galicia á presentación do Libro de Alfonso R. Castelao titulado "*O Estatuto de Galiza. Antecedentes e comentarios*".
- 04-05 de xullo do 2024: Asistencia ao 34º Fórum da Auditoría Profesional, co lema "*Auditoría 360º*", desenvolvido en Sitges.
- 24 de xullo do 2024: Asistencia á entrega das medallas de Galicia 2024. Cidade da Cultura, Santiago.
- 10 de setembro do 2024: Invitación á xornada "*O camiño á neutralidade climática. Reflexións desde Galicia e Europa*", organizada polo Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS (Economics and Business Administration for Society), xornada acollida polo Consello da Cultura Galega.
- 23 de setembro do 2024: Reunión na Coruña na sede do TSXG, da Comisión Mixta de Seguimento do Protocolo de colaboración entre a Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia e o Consello de Contas de Galicia, para prevención da corrupción no ámbito do sector público da Comunidade Autónoma.
- 16-17-18 de outubro do 2024: Asistencia en Madrid ao XI Congreso Nacional de Auditoría no Sector Público, baixo o lema "*O beneficio Social da Auditoría Pública*".
- 15 de novembro do 2024: 03/04/2024: Conferencia na Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña, titulada "O control externo do sector público".
- 09 de decembro do 2024: Asistencia ás Primeiras Xornadas de Integridade Pública de Galicia, organizadas polo Consello de Contas, coincidindo co día internacional contra a corrupción, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela.

O conselleiro don Tomás Pérez Vidal, na súa condición de conselleira do Consello de Contas de Galicia da Área de Sergas, participou en distintas xornadas, seminarios e congresos realizados a nivel nacional, entre os que cabe destacar:

- 29 de xaneiro de 2024, asistencia á Sesión solemne de apertura do curso 2024 organizado pola Academia Xacobeá.



- 9 de abril de 2024, asistencia a Sesión plenaria de investidura do candidato á Presidencia da Xunta de Galicia no Parlamento de Galicia.
- 13 de abril do 2024, asistencia á toma de posesión do candidato á Presidencia da Xunta de Galicia en San Domingos de Bonaval.
- 16 de abril de 2024, asistencia á solemne sesión de apertura da XII lexislatura no Parlamento de Galicia.
- 14 de maio do 2024, acto de homenaxe a José Antonio Redondo López, no Salón Nobre de Fonseca na Universidade de Santiago de Compostela (14 de maio de 2024). Organizado pola Universidade de Santiago, Red Locais e Consello de Contas de Galicia.
- 30 de xuño de 2024, entrega de Premios Otero Pedrayo 2024 en Trasalba organizado pola Fundación Otero Pedrayo.
- 24 de xullo do 2024, acto de entrega de “Medallas de Galicia 2024”, celebrado no Museo Centro Gaiás, organizado pola Xunta de Galicia.
- 16, 17 e 18 de outubro de 2024, “XI Congreso de auditoría en el Sécutor Público” celebrado en Madrid (Organizado por FIASEP).
- 9 de decembro do 2024, Primeiras Xornadas de Integridade Pública “Integridade no exercicio de función públicas” celebradas en Santiago de Compostela, organizadas polo Consello de Contas de Galicia.

IX. PARTICIPACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

IX.1. COMISIÓN DE TRANSPARENCIA

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, crea no seu artigo 33.1 a Comisión da Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo. A este órgano correspóndelle a resolución das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública que establece o artigo 28 da dita lei.

O artigo 33.2 atribúe a presidencia da Comisión á persoa titular da institución do Valedor do Pobo, a vicepresidencia ao adxunto ou adxunta á institución do Valedor do Pobo e as vogalías, a unha persoa representante da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Xunta de Galicia, unha persoa representante do Consello Consultivo de Galicia, unha persoa representante do Consello de Contas, e unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.

A proposta do Consello de Contas, e mediante Resolución do 20 de abril de 2017 do Valedor do Pobo, nomeáronse a un auditor da Área de Conta Xeral e a unha auditora da Área de Institucional



como vogal e como suplente, respectivamente, da Comisión da Transparencia, en representación da Institución.

Durante o ano 2024 a Comisión celebrou 10 sesións, nas que tratou 238 reclamacións presentadas contra resolucións sobre solicitudes de acceso á información pública.

IX.2. COMISIÓN MIXTA CONSELLO DE CONTAS–INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O artigo 23.6 da Lei do Consello de Contas crea unha Comisión Mixta formada por representantes do Consello de Contas e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, co obxectivo de intercambiar información, implantar a rendición telemática, facilitar o acceso á documentación, e mellorar o seguimento das recomendacións contidas nos informes do Consello de Contas. A composición, organización e funcionamento desa Comisión regulouse mediante convenio asinado o 5 de abril de 2016.

A Comisión está integrada polo conselleiro ou conselleira da Área de Conta Xeral, a persoa titular da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, tres auditores/as do Consello de Contas e tres subdirectores/as da Intervención Xeral.

No exercicio 2024 a Comisión celebrou dúas sesións: unha o día 26 de xuño, que foi presidida, de acordo coas quendas rotatorias previstas no convenio, polo conselleiro da Área de Conta Xeral do Consello de Contas; e outra o 19 de decembro, presidida pola interventora xeral da Comunidade Autónoma.

Na primeira sesión acordouse adiantar a petición de información que todos os anos se realiza á IXCA sobre o grao de implantación das recomendacións para poder axilizar estes traballos que se incorporan á memoria anual de actividades do Consello de Contas de cada exercicio e elaborar sendas instrucións por parte dos dous centros para dar cobertura a esa rendición telemática da Conta Xeral. Tamén se acorda que en adiante sexa a Intervención xeral a que remita directamente ao Tribunal de Cuentas unha copia da Conta Xeral de cada exercicio sen a intermediación do Consello de Contas. O Consello informou á IXCA dos resultados do informe de fiscalización do TCu sobre o sector público autonómico que incide nos mesmos puntos que nos anteriores informes, como o censo de entidades do sector público autonómico, a actualización do marco contable, a rendición de contas e de contratos, e destaca algunhas cuestións xa incorporadas aos informes de fiscalización do Consello de Contas.

Na segunda sesión abordáronse as previsións dos plans de control da IXCA e do plan de traballo do Consello para 2025 así como o desenvolvemento de novos pasos na rendición telemática da Conta Xeral.



IX.3. AUTORIDADE GALEGA DE PROTECCIÓN DA PERSOA INFORMANTE

A Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI), é un órgano colexiado adscrito á Institución da Valedora do Pobo, presidido pola persoa titular da mesma, e da que forman parte como vogais, a persoa titular da Consellaría Maior do Consello de Contas, a persoa titular da presidencia do Consello Galego de Relacións Laborais, a persoa titular da secretaría xeral do Valedor do Pobo e a persoa titular da secretaría da Comisión da Transparencia de Galicia, que exerce as funcións de secretaría.

De conformidade co disposto no artigo 51 septies.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, exerce as seguintes funcións:

- a) A adopción das medidas de protección previstas na Lei 2/2023, de 20 de febreiro, no seu ámbito de competencias.
- b) A xestión da canle externa de comunicacións.
- c) A instrución e decisión relativas ás informacións e comunicacións previstas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro.
- d) A tramitación e resolución dos procedementos sancionadores e a imposición de sancións polas infraccións, de acordo coa Lei 2/2023, do 20 de febreiro.
- e) O fortalecemento da cultura da información, dos mecanismos de promoción e defensa da integridade das organizacións e o fomento da cultura da información ou comunicación como mecanismo para previr e detectar ameazas en materia de fraude ou corrupción.
- f) A aprobación de normas de organización e funcionamento.
- g) A elaboración e aprobación dun informe anual sobre a actividade da Autoridade, o cal se incluírá no presentado anualmente polo Valedor do Pobo ante o Parlamento de Galicia, debidamente separado. Conterá, polo menos, o número e a natureza das comunicacións presentadas, as que foron obxecto de investigación, o seu resultado e o número de procedementos abertos.
- h) As demais funcións que preveña a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, sempre que se refiran ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Autoridade exerce estas funcións con plena autonomía e independencia, sen que en ningún caso poida recibir indicacións ou instrucións de calquera órgano, autoridade pública ou entidade privada.

Durante o exercicio 2024 o Pleno da AGPI reuniuse en catro sesións ás que asistiu como vogal o conselleiro maior, don Juan Carlos Aladro Fernández . As sesións tiveron lugar nos meses de novembro e decembro e nelas resolvéronse 16 das comunicacións presentadas.



X. RELACIÓNS CO PARLAMENTO DE GALICIA

De acordo co artigo 21 da Lei 6/1985 e o artigo 92 do regulamento de réxime interior, as relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galicia no exercicio das súas funcións producíranse a través da Comisión permanente non lexislativa de Relacións co Consello de Contas, salvo nos supostos en que as normas do Parlamento dispoñan a intervención do Pleno, da Mesa ou doutros órganos do Parlamento.

Segundo establece o artigo 10.2 do RRI, a competencia para informar ante a comisión competente do Parlamento de Galicia da xestión realizada no exercicio precedente e das previsións para o exercicio seguinte corresponde ao conselleiro ou conselleira maior.

Durante o exercicio 2024 o conselleiro maior compareceu en 3 ocasións no Parlamento de Galicia co detalle que se recolle no seguinte cadro:

Comparecencias parlamentarias, exercicio 2024.

Data	Comisión parlamentaria	Contido	Enlace á comparecencia
02.07.2024	Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas	- Memoria de actividades, exercicio 2022, - Plan anual de traballo, exercicio 2024. - Plan estratéxico do Consello de Contas, 2023-2028. - 24 informes de fiscalización. - 2 informes de avaliación dos sistemas de control interno.	Comparecencia 2 xullo
30.10.2024	Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos	Orzamento do Consello de Contas para o exercicio 2025.	Comparecencia 30 de Outubro
27.11.2024	Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica.	Informes de fiscalización sobre contratación pública.	Comparecencia 27 novembro

XI. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2024

XI.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

XI.1.1. CRÉDITOS INICIAIS. MODIFICACIÓNS E CRÉDITOS DEFINITIVOS

A Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 establece que estes orzamentos xerais integran os dos órganos estatutarios e consigna créditos para executar na Sección 02 Consello de Contas de Galicia por importe de 8.644.644,00 euros.

Os créditos orzamentarios destínanse a financiar operacións correntes por importe de 8.176.294,00 euros (o 94,58% do orzamento) distribuídos en gastos de persoal por importe de 6.966.198,00 euros, gastos en bens correntes e servizos por 1.186.391,00 euros e transferencias correntes por 23.705



euros; operacións de capital por importe de 432.289,00 euros (o 5% do orzamento), constituídas por investimentos reais; e operacións financeiras por 36.061 euros (o 0,42% do orzamento), constituídas por activos financeiros.

Durante o exercicio 2024 materializáronse catro modificacións orzamentarias:

- Unha transferencia de crédito, dende os subconceptos 206 e 636.0, por importes respectivos de 46.000 e 17.500 euros, ao subconcepto 640.00, por importe total de 63.500 euros. A transferencia trae causa na necesidade de dotar ao concepto antes mencionado para atender incidencias contractuais xurdidas con posterioridade á aprobación do orzamento da Institución.
- Unha transferencia de crédito, dende os subconceptos 208, 212, 216, 222.00, 224, 230 e 231, por importes respectivos de 5.300, 2.700, 19.500, 10.000, 3.600, 1.500 e 1.400 euros, ao subconcepto 640.00, por importe total de 44.000 euros. A transferencia trae causa na necesidade de dotar ao concepto antes mencionado para imputar os gastos derivados dun novo procedemento de contratación dunha ferramenta integral de administración electrónica en modalidade SaaS.
- Unha transferencia de crédito, dende o concepto 180, por importe de 135.155 euros aos subconceptos 100.00, 110.00, 120.00 y 130.00, por importes de 14.908 euros, 9.368 euros, 103.414 euros e 7.465 euros respectivamente. A transferencia trae causa na necesidade de dotar aos subconceptos antes mencionados como consecuencia das seguintes circunstancias, xa previstas mediante a dotación inicial do concepto 180, fondo retributivo, dos orzamentos da entidade:
 1. Do incremento retributivo do 0,5% adicional para o exercicio 2024, previsto no artigo 19.2.b) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023 e aprobado por Acordo do Consello de Ministros de 6.02.2024.
 2. Da aplicación do disposto no artigo 6 do Real Decreto Lei 4/2024, do 26 de xuño, que establece un incremento global máximo do 2 por cento respecto das retribucións vixentes a 31 de decembro do 2023.
- A baixa dos créditos non executados ao peche do exercicio, por importe de 1.551.611,61 euros, que responde ao acordo do Pleno do 20 de decembro de 2021 polo que se regula o procedemento para a realización das operacións contables de peche da contabilidade dos gastos e dos ingresos correspondentes a un exercicio e de apertura da contabilidade do exercicio seguinte no Consello de Contas.



Esta instrución sinala que o último día do exercicio procederase á anulación para todas e cada unha das aplicacións orzamentarias do ano dos saldos de documentos en fase D que non acadaron a fase de recoñecemento de obriga (fase O), dos saldos de autorizacións, así como das retencións de créditos existentes. Así mesmo establece que unha vez realizadas as operacións anteriores, se procederá a dar de baixa no sistema contable o importe dos créditos non executados coa correspondente baixa das previsións de ingreso nas respectivas aplicacións orzamentarias.

Os créditos iniciais e as súas modificacións móstranse no cadro seguinte:

Créditos iniciais, modificacións orzamentarias e orzamento definitivo 2024

CAPÍTULOS	ORZAMENTO INICIAL	MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO		ORZAMENTO DEFINITIVO	% VARIACIÓN CAPÍTULOS
		POSITIVAS	NEGATIVAS		
1. Gastos persoal	6.966.198,00	135.155,00	-1.059.246,25	6.042.106,75	13,27%
Transferencia		135.155,00	-135.155,00		
baixa			-924.091,25		
2. Gastos en bens correntes e servizos	1.186.391,00		-423.392,88	762.998,12	35,69%
Transferencia			-90.000,00		
baixa			-333.392,88		
4. Transferencias correntes	23.705,00		-12.999,88	10.705,12	54,84%
baixa			-12.998,88		
Operacións correntes	8.176.294,00	135.155,00	-1.495.639,01	6.815.809,99	16,64%
6. Gastos en investimentos	432.289,00	107.500,00	-262.566,60	277.222,40	35,87%
Transferencia		107.500,00	-17.500,00		
baixa			-245.066,60		
Operacións de capital	432.289,00	107.500,00	-155.066,60	277.222,40	35,87%
Operacións non financeiras	8.608.583,00	242.655,00	-1.650.705,61	7.093.032,39	17,61%
8. Anticipos ao persoal	36.061,00	0,00	-36.061,00	0,00	100,00%
			-36.061,00		
Operacións financeiras	36.061,00	0,00	-36.061,00	0,00	100,00%
	8.644.644,00	242.655,00	-1.686.766,61	7.093.032,39	17,95%

XI.1.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

Durante o exercicio 2024 executáronse gastos por 7.093.032,39 euros o que supuxo o recoñecemento de obrigas no 82,05% dos créditos iniciais. Por tipo de gasto as porcentaxes de execución sobre créditos iniciais son do 83,34% para gastos por operacións correntes, do 64,12% para gastos por



operacións de capital e do 0% para gastos por operacións financeiras, por non terse concedido anticipos ao persoal.

Durante o exercicio realizáronse pagamentos a acredores orzamentarios por importe de 7.008.664,69 euros o que supuxo a cancelación do 98,81% do total de obrigas recoñecidas. As obrigas pendentes de pagamento a fin de exercicio son 84.367,70 euros (seguridade social e aboamento da adquisición de dous conmutadores) e supoñen o 0,012% do total de obrigas. As obrigas de exercicios anteriores por 56.768,99 euros foron canceladas na súa totalidade. Por capítulos de gasto, as cifras e porcentaxes de obrigas e pagamentos son:

Execución do orzamento de gasto 2024

Capítulos	C. iniciais	Obrigas	%obligas s/c. iniciais	Pagamentos	%pagamentos s/ obrigas	%pagamentos s/ C.I.
I Gastos de persoal	6.966.198,00	6.042.106,75	86,73%	5.976.782,21	98,92%	85,80%
II Gastos en bens correntes e servizos	1.186.391,00	762.998,12	64,31%	762.998,12	100,00%	64,31%
IV Transferencias correntes	23.705,00	10.705,12	45,16%	10.705,12	100,00%	45,16%
VI Investimentos reais	432.289,00	277.222,40	64,13%	258.179,24	93,13%	59,72%
VIII Activos financeiros	36.061,00	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00%
	8.644.644,00	7.093.032,39	82,05%	7.008.664,69	98,81%	81,07%

A comparativa coa execución do exercicio anterior recóllese no seguinte cadro:

Comparativa da execución do orzamento de gastos 2024-2023

GASTOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS			PAGAMENTOS		
CAPÍTULOS	2024	2023	% VARIACIÓN	2024	2023	% VARIACIÓN
I. Gastos de persoal	6.042.106,75	5.795.644,96	4,25	5.976.782,21	5.738.875,97	4,15
II. Gastos en bens correntes e servizos	762.998,12	763.620,05	-0,08	762.998,12	763.620,05	-0,08
IV. Transferencias correntes	10.705,12	10.655,12	4,7	10.705,12	10.655,12	0,47
VI. Investimentos reais	277.222,40	247.702,16	11,92	258.179,24	247.702,16	4,23
VIII. Activos financeiros	0,00	8.700,00	-100,00	0,00	8.700,00	-100,00
Total	7.093.032,39	6.826.322,29	3,91	7.008.664,69	6.769.553,30	3,53

O detalle da execución do orzamento de gastos por capítulos e artigos é a seguinte:





Capítulo I Gastos de persoal

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. I.	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
10 "Altos cargos"	442.324,00	455.233,15	102,92%	455.233,15	100,00%
11 "Persoal eventual"	198.207,00	205.575,69	103,72%	205.575,69	100,00%
12 "Funcionarios"	4.916.746,00	4.318.367,77	87,83%	4.318.367,77	100,00%
13 "Laborais"	324.912,00	281.510,10	86,64%	281.510,10	100,00%
16 "Cotas, pres. gastos sociais"	948.854,00	781.420,04	82,35%	716.095,50	91,64%
18 "Fondo retributivo"	135.155,00	0,00	0,00%	0,00	0,00%
Total	6.966.198,00	6.042.106,75	86,73%	5.976.782,21	85,80%

O importe destinado a gastos de persoal é de 6.966.198,00 euros que representa o 80,58% do importe total do orzamento inicial. O importe executado é de 6.042.106,75 euros o que supón unha porcentaxe do 86,73%. Tendo en conta a orixe legal das obrigas de gastos de persoal, os remanentes son consecuencia fundamentalmente da non cobertura durante todo o exercicio da totalidade das prazas dotadas e existentes na relación de postos de traballo.

Capítulo II Gastos en bens correntes e servizos

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. I.	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
20 "Alugueros e canons"	190.142,00	121.479,95	63,89%	121.479,95	63,89%
21 "Reparación, mantemento e conservación"	153.350,00	104.155,51	67,92%	104.155,51	67,92%
22 "Material, subministrados e outros"	771.819,00	489.946,01	63,48%	489.946,01	63,48%
23 "Indemnizacións por razón servizo"	68.080,00	47.416,65	69,65%	47.416,65	69,65%
27 "Publicacións"	3.000,00	0,00	0,00%	0,00	0,00%
Total	1.186.391,00	762.998,12	64,31%	762.998,12	64,31%

O importe destinado a gasto en bens correntes e servizos é de 1.186.391,00 euros que representa o 13,72% do importe total do orzamento inicial. O importe executado é de 762.998,12 euros o que supón o 64,31%.

Estes remanentes son consecuencia dunha orzamentación suficiente para asegurar a financiación interna das decisións de gasto necesarias para o funcionamento da Institución e o seguimento dunha política de restrición de gastos, realizándose unicamente os imprescindibles.

Capítulo IV Transferencias correntes

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. I.	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
48 "Transfer. a fam. e inst. sen ánimo de lucro"	21.000,00	8.705,12	41,45%	8.705,12	41,45%
49 "Transfer. ao exterior"	2.705,00	2.000,00	73,94%	2.000,00	73,94%
Total	23.705,00	10.705,12	45,16%	10.705,12	45,16%



O importe inicial destinado a gasto en transferencias correntes é de 23.705,00 euros, que representa o 0,27% do importe total do orzamento inicial. O importe executado é de 10.705,12 euros o que supón o 45,16% dos créditos iniciais.

Capítulo VI Inversións reais

Artigos	C. iniciais	Obrigas reconecidas	% obrigas s/ C. I.	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
62 "Inv. novo asociado ao func. op. dos servizos"	197.274,00	61.699,48	31,28%	111.477,44	4265632,00%
63 "Inv. rep. asociado ao func. op. dos servizos"	34.415,00	0,00	0,00%	429,13	0,00%
64 "Invest de carácter inmaterial"	200.600,00	215522,92	107,44%	215522,92	107,44%
Total	432.289,00	277.222,40	64,13%	111.906,57	25,89%

O importe destinado a gasto en inversións reais é de 432.289,00 euros e representa o 5% do importe total do orzamento inicial. O importe executado é de 277.222,40 euros o que supón o 64,13% dos créditos iniciais.

Os remanentes son consecuencia dunha orzamentación suficiente para asegurar a financiación interna das decisións de investimento e a realización estrita das necesarias.

Capítulo VIII Activos financeiros

Artigos	C. iniciais	Obrigas reconecidas	% obrigas s/ C. I.	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
83 "Concesión préstamos fóra do sector público"	36.061,00	0,00	0,00%	0,00	0,00%
Total	36.061,00	0,00	0,00%	0,00	0,00%

A finalidade é proporcionar cobertura financeira para conceder anticipos reintegrables, polo tanto o importe fórmase con carácter precautorio e o gasto execútase en función das peticións formuladas. O importe destinado a gasto en concesión de anticipos é de 8.700,00 euros e representa o 0,42% do importe total do orzamento inicial, quedando sen execución a partida por non terse solicitado anticipos polo persoal.

XI.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

XI.2.1. Previsións iniciais, dereitos e recadación

A apertura e a execución do orzamento de ingresos realízase en correspondencia coa apertura e execución do orzamento de gastos.

Durante o exercicio 2024 non se materializou ningunha modificación nas previsións de ingresos agás a derivada do peche do exercicio, por importe de 1.529.611,61 euros, que se corresponde cunha baixa polos créditos non executados, conforme ao disposto no acordo do Pleno do 20 de decembro de 2021 polo que se regula o procedemento para a realización das operacións contables de peche da



contabilidade dos gastos e dos ingresos correspondentes a un exercicio e de apertura da contabilidade do exercicio seguinte no Consello de Contas, ao que xa se fixo mención.

Previsións iniciais e modificacións 2024

Partida orzamentaria	Orzamento inicial	Modificacións de crédito		Orzamento definitivo	% Variación capítulos
		Positivas	Negativas		
309: Taxas	0,00		0,00	0,00	0,00%
309: Ingresos diversos	0,00		0,00	0,00	0,00%
450: Transferencias correntes	8.176.294,00		-1.270.484,01	6.905.809,99	-15,54%
Operaciones corrientes	8.176.294,00	0,00	-1.270.484,01	6.905.809,99	-15,54%
750: Transferencias capital	432.289,00	0,00	-245.066,60	187.222,40	-56,69%
Operaciones de capital	432.289,00	0,00	-245.066,60	187.222,40	-56,69%
Operaciones non financieras	8.608.583,00	0,00	-1.515.550,61	7.093.032,39	-17,60%
830: Anticipos ao persoal	36.061,00	0,00	-36.061,00	0,00	-100,00%
Operaciones financieras	36.061,00	0,00	-36.061,00	0,00	-100,00%
	8.644.644,00	0,00	-1.551.611,61	7.093.032,39	-17,95%

As previsións, dereitos recoñecidos, recadación e dereitos pendentes de cobro correspondentes ao exercicio corrente e, o saldo inicial e recadación de exercicios anteriores reflíctese no cadro seguinte:

Execución de ingresos 2024

Ingresos	Exercicio corrente				Exercicios anteriores		
Capítulos	Previsións iniciais	Dereitos recoñecidos	Recadación	Dereitos pendentes de cobro	Saldo inicial dereitos	Recadación	Dereitos pendentes de cobro
III. Taxas, prezos publicos e outros ingresos	0,00	0,00	0,00	0,00	-21,30	0,00	-21,30
III. Ingresos diversos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
IV. Transferencias correntes	8.176.294,00	6.786.445,35	6.702.077,65	84.367,70	56.555,67	56.768,99	-213,32
V. Ingresos patrimoniais	0,00	45.806,80	45.806,80	0,00	-0,91	165,12	-166,03
VII. Transferencias de capital	0,00	2.601,00	2.601,00	0,00	0,00	0,00	0,00
VIII. Activos financeiros	452.289,00	258.179,24	258.179,24	0,00	0,00	0,00	0,00
III. Taxas, prezos publicos e outros ingresos	36.061,00	0,00	0,00	0,00	5.379,81	5.379,81	0,00
Total	8.644.644,00	7.093.042,39	7.008.664,69	84.367,70	61.913,27	62.313,92	-400,65



XII. INFORMACIÓN SOBRE A RENDICIÓN DE CONTAS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia outorga ao Consello de Contas de Galicia as competencias para a fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma. Esta competencia implica a obriga das entidades que compoñen o referido sector público de render as súas contas a esta institución.

Os datos desta rendición correspondentes ao exercicio 2023 recóllense nos apéndices 4 e 5 desta Memoria diferenciando entre a rendición de contas da administración xeral e as súas entidades dependentes e a rendición de contas do sector público local.

XII.1 A RENDICIÓN DE CONTAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL E AS SÚAS ENTIDADES DEPENDENTES

A Administración autonómica formará anualmente a Conta Xeral da Comunidade Autónoma que abarcará a totalidade das operacións económicas levadas a cabo durante o exercicio pola Administración e os seus entes dependentes.

A Lei 8/2015, do 7 de agosto modifica o apartado 1 do artigo 121 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que queda redactado como segue:

«1. A Conta Xeral da Comunidade Autónoma de cada ano remitirase, previo acordo do Consello da Xunta de Galicia, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas, antes do 30 de setembro do ano seguinte ao que se refire.»

A Intervención Xeral rendeu a Conta Xeral do exercicio 2023 en prazo (o 24 de setembro de 2024). Ademais da información relativa á Administración xeral da Comunidade Autónoma, inclúe as contas dos seguintes entes dependentes:

a) Entidades públicas instrumentais:

1. Organismos autónomos e entidades de consulta ou asesoramento.
2. Axencias públicas autonómicas.
3. Entidades públicas empresariais.
4. Consorcios autonómicos.

b) Outras entidades instrumentais:

1. Sociedades mercantís públicas autonómicas.
2. Fundacións públicas autonómicas.



O Apéndice 4 recolle un informe sobre a rendición de contas das entidades dependentes da administración xeral no exercicio 2023, tomando como base os organismos que figuran no inventario de entidades dependentes das Comunidades Autónomas elaborado pola Intervención Xeral da Administración do Estado excluídos os entes adscritos ao sector público estatal ou local.

En concreto, analízase a rendición das contas anuais do exercicio 2023 ao Consello de Contas por parte das seguintes entidades sometidas a esta obriga:

1. A Administración xeral e os seus entes dependentes:

a) Entidades públicas instrumentais:

- Organismos autónomos e entidades de consulta ou asesoramento
- Axencias públicas autonómicas
- Entidades públicas empresariais
- Consorcios autonómicos

b) Outras entidades instrumentais:

- Sociedades mercantís públicas autonómicas
- Fundacións públicas autonómicas

2. As universidades públicas e os seus entes dependentes

3. As cámaras de comercio, confrarías de pescadores, consellos reguladores e outras de natureza

A análise indica ,para cada caso, se as contas se integran na Conta Xeral formada pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia; se a rendición se fai en prazo ou fóra de prazo; no seu caso os defectos da información rendida e, por último, achégase informe de auditoría das contas.

XII.2 A RENDICIÓN DE CONTAS DO SECTOR PÚBLICO LOCAL

O artigo 223 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) impón ás entidades locais a obriga de render as súas contas antes do 15 de outubro de cada ano seguinte ao exercicio a que aquelas se refiren.

De acordo coa devandita norma e as diversas instrucións de contabilidade que determinan o seu contido, estrutura e normas de elaboración, que a Conta xeral das entidades locais estará formada pola conta da propia entidade así como pola conta de todos os organismos e sociedades dela dependentes, ao que se engadirá como documentación complementaria:

- As actas de arqueo das existencias en caixa e as certificacións bancarias dos saldos existentes a fin de exercicio e, en caso de discrepancia, o oportuno estado conciliatorio.



- As memorias xustificativas do custo e rendemento dos servizos públicos, e demostrativas do grao de cumprimento dos obxectivos programados, ás que se refire o artigo 211 do TRLRFL.

O Apéndice 5 reflicte os datos de rendición do sector público local de Galicia a 31 de decembro do 2024. A información que se presenta obtense da rendición da conta xeral que efectúan as entidades locais de Galicia a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais.

Unha vez recibida a conta xeral, procédese a súa análise, o que determina a súa clasificación nalgunha das seguintes categorías:

Conta rendida en prazo (por cumprir a obriga de rendición en prazo -antes do 15 de outubro do ano seguinte- e forma debida).

Conta rendida fóra de prazo (por cumprir en forma debida pero fóra de prazo).

Conta recibida con defectos que comportan a consideración de conta non rendida.

As contas rendidas clasifícanse á súa vez en :

- Contas rendidas por carecer de defectos ou ser estes exclusivamente defectos na tramitación da conta xeral (que por natureza non son subsanables).
- Contas rendidas con defectos leves, por presentar as contas defectos de coherencia interna entre os distintos estados contables, defectos que poden ser obxecto de corrección pola entidade local.

Pola súa parte, as contas con defectos que comportan a consideración de conta non rendida clasifícanse atendendo ao defecto no que incorren:

- Conta xeral con defectos de integridade, por non incluír a totalidade de entidades dependentes da entidade local.
- Conta xeral que non inclúe as memorias esixidas polo TRLRFL.
- Conta xeral que non inclúe as actas de arqueo das existencias en caixa e as certificacións bancarias dos saldos existentes a fin de exercicio.

A análise en profundidade pode consultarse no Informe de fiscalización da conta xeral das entidades locais de Galicia, exercicio 2023.

XIII. INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMIENTO DAS RECOMENDACIÓNS EFECTUADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

XIII.1. OBXECTIVO E ALCANCE

En cumprimento do disposto no artigo 50 do Regulamento de réxime interior, procédese a incluír nesta memoria a información sobre o seguimento das recomendacións realizadas en informes de fiscalización anteriores.



O ámbito do traballo abrangue o sector público autonómico, xa que no sector público local faise un informe específico sobre o seguimento das recomendacións, polo que os datos relativos a estas entidades non se inclúen na memoria.

A análise comprende os informes de fiscalización emitidos polo Consello de Contas de Galicia actualizados ao exercicio 2022 nos que se formulan recomendacións aos correspondentes órganos e entidades xestoras. Estas recomendacións son obxecto dun seguimento periódico, polo que a verificación do seu grao de implantación levase a cabo a partir da fiscalización do exercicio inmediato seguinte.

O obxectivo é avaliar o impacto dos informes de fiscalización sobre a mellora das prácticas de xestión da Administración da Comunidade Autónoma e as entidades e organismos dela dependentes, así como das entidades locais de Galicia a través da avaliación da aplicación das recomendacións formuladas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización.

Este seguimento das recomendacións ten como referencia para a análise as contestacións remitidas polas entidades suxeitas a este control. Non se trata dun informe de fiscalización, senón que xurde como consecuencia das fiscalizacións realizadas en anos anteriores.

O alcance destas actuacións comprende o exame das contestacións remitidas ás distintas recomendacións formuladas nos seguintes informes de fiscalización:

Informes recorrentes do sector público autonómico

1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2022.
2. Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2022.
3. Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicios 2022.
4. Fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde. Exercicios 2022.
5. Informe económico financeiro sobre as Entidades Públicas Instrumentais. Exercicio 2022.

Informes non recorrentes do sector público autonómico

6. Informe de Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral. Exercicios 2014 a 2016.
7. Informe de Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS. Exercicios 2014 a 2016.
8. Informe de Fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS. Exercicio 2017.
9. Informe de Fiscalización do concerto co hospital POVISA.
10. Informe de fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na Administración Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017.



11. Informe de fiscalización da execución da contratación do SERGAS Exercicios 2012 ao 2017.
12. Informe de fiscalización de gastos de persoal da Administración Xeral Exercicios 2014-2019.
13. Informe de fiscalización de taxas, prezos públicos e outros ingresos patrimoniais do SERGAS. Exercicios 2016-2018.
14. Informe de fiscalización do impacto da pandemia COVID-19 no ámbito da contratación do SERGAS.
15. Informe de fiscalización dos contratos programa subscritos entre as Fundacións Sanitarias e o SERGAS.
16. Informe de fiscalización sobre a situación financeira dos Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe xeográfica.
17. Informe de fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Exercicios 2021-2022.
18. Informe de avaliación dos sistemas de control interno e prevención de riscos da corrupción na Administración Xeral. Exercicio 2022.
19. Informe sobre a eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas.
20. Informe de fiscalización do programa de ordenación e inspección do transporte exercicios 2019-2020.
21. Informe de fiscalización da execución dos recursos financeiros europeos do proxecto 201500069 de Conservación, Protección e Fomento do Camiño de Santiago. (FEDER 2014-2020).
22. Informe de fiscalización sobre a aplicación dos ingresos do fondo extraordinario e a xestión económico-financeira da pandemia na CA de Galicia. Exercicio 2021.
23. Informe de fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas.

Na análise das contestacións formuladas pola IXCA e as demais entidades concernidas no obxecto do traballo, o Consello aplicou os seguintes criterios:

1. Recomendación total ou substancialmente aplicada

Considérase que a recomendación foi total ou substancialmente aceptada cando a entidade adoptou, no seu ámbito de competencias, as medidas correctoras suficientes e proporcionadas para valorar que a recomendación foi atendida e non quedou pendente de resolución ningunha cuestión de importancia significativa. Neste caso a recomendación considerase cumprida.

2. Recomendación parcialmente aplicada





Cando a entidade obxecto de control tomou en consideración as recomendacións e comezou a realizar actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, nunha parte delas ou nalgúns aspectos, sen completar a súa execución. Neste caso considerárase a recomendación parcialmente cumprida polo que se manterá a recomendación axustándoa ou reformulándoa no caso que sexa procedente.

3. Recomendación non aplicada

Considerárase que a recomendación non foi aplicada cando a entidade obxecto de control non ten realizado as actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, ou ben o tivera efectuado de xeito insuficiente ou inadecuado de forma que a recomendación segue sen aplicarse. Atendendo á diferente casuística que se produce, e sen prexuízo doutros casos que poidan considerarse, pódense distinguir, cando menos, as subcategorías seguintes:

3.1. Non aceptada, non compartida. Se a entidade obxecto de control non a ten tomado en consideración por discrepar coa recomendación efectuada polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización.

3.2. Non contestada. Recomendacións sobre as que a entidade obxecto de control, en función da súa resposta ao seguimento efectuado, non se ten pronunciado nin expresa nin tanxencialmente, é dicir, non contestou ao seguimento efectuado individualmente da recomendación, ou o ten feito de xeito xenérico, poñendo de manifesto as medidas levadas a cabo pero sen vencellalas a unha recomendación concreta.

3.3. Aceptada. Pendente de aplicar. Se a entidade obxecto de control ten tomado en consideración a recomendación, mesmo reconece a súa pertinencia e está de acordo co seu contido, malia non habela aplicado. Tamén terá esta cualificación cando aínda que se teñen realizado actuacións foron levadas a cabo de xeito insuficiente ou incompleto. Enténdese que a recomendación sendo aceptada e compartida atópase pendente de aplicación.

3.4. Aceptada. En proceso de aplicación. Cando a entidade obxecto de control acepta a recomendación estando a levar a cabo actuacións que permiten considerar que está en proceso de aplicación.

4. Non válida no marco actual

Recomendacións que, aínda que válidas e pertinentes cando se emitiu o informe e para o exercicio fiscalizado, e aínda sendo aceptadas e recoñecidas pola entidade obxecto de control, non poden aplicarse no contexto actual, ao non darse as circunstancias que o permitan ou a mesma casuística que entón, é dicir, non se dan no momento actual os supostos dos feitos en función dos cales efectuouse a recomendación no pasado.

5. Non verificada



Recomendacións que, aínda que aceptadas ou mesmo aplicadas e corrixidas pola entidade obxecto de control, necesitarían obrigatoriamente dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado pola entidade fiscalizada que excede o alcance previsto no traballo, ou ben o xeito de poder esclarecer as dúbidas xeradas pola contestación recibida ao seguimento realizado.

As recomendacións que non foron contestadas foron consideradas como non asumidas polo ente fiscalizado.

XIII.2. TRATAMENTO DAS CONTESTACIÓNS ENVIADAS POLOS ÓRGANOS XESTORES

De conformidade coa metodoloxía establecida no apartado II.4 deste informe, o Consello de Contas elaborou a listaxe de recomendacións que serían obxecto de seguimento e a remitiu á IXCA o día 13 de novembro de 2024, concedendo un prazo que rematou o 1 de marzo de 2025, para que tanto a IXCA como as demais entidades concernidas polas recomendacións formulasen todas aquelas contestacións que en relación co seguimento das mesmas tiveran oportuno.

As contestacións ás recomendacións foron formuladas polas seguintes entidades e órganos:

- Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
- Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico
- Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos
- Servizo Galego de Saúde
- Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
- Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica da Consellería de Facenda (CIXTEC – AMTEGA).
- Consellería de Sanidade
- Dirección Xeral de Recursos Económicos do SERGAS
- Dirección Xeral de Mobilidade
- Axencia de Turismo de Galicia
- Axencia Tributaria de Galicia
- D.X. Emprego Público e Administración de Persoal
- Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía
- Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)
- Axencia Galega de Infraestruturas

Estas entidades ofreceron os datos e explicacións das actuacións que se están a desenvolver para o cumprimento da recomendacións formuladas nos correspondentes informes de fiscalización. Estes datos e manifestacións avaliáronse co obxecto de determinar se as recomendacións foron admitidas,



puxéronse en marcha as medidas ou mecanismos para solucionar as irregularidades ou deficiencias comunicadas ou si manifestan a súa disposición para solucionarlas no futuro.

Ao terse realizado o seguimento das recomendacións sobre a base das manifestacións realizadas polas entidades afectadas, a análise centrouse na valoración da coherencia das súas contestacións para a súa clasificación posterior, sen que formen parte do traballo a realización das probas substantivas de auditoría que sexan pertinentes.

Cando se considera que é necesario efectuar algunha proba adicional de comprobación, que excede o alcance previsto neste traballo, indícase, ao respecto da recomendación de que se trate, “non verificada”, debendo ser analizada na forma e tempo oportunos, manténdose vixente o texto da recomendación.

Na avaliación da contestación realizada pola entidade afectada pode que o manifestado non se corresponda cos feitos que realmente se constatan nas fiscalizacións que periodicamente se efectúan e outras que se estean levando a cabo. Por ese motivo, os resultados deste traballo non condicionan os derivados de futuras fiscalizacións, nas que poderanse acadar conclusións diferentes das contidas aquí.

O texto das recomendacións e as contestacións ás mesmas, así como o nome da entidade que as formula, as consideracións e explicacións e as actuacións realizadas ou propostas, órgano responsable e prazo de implantación, figuran detalladas no Apéndice 6 desta memoria.

XIII.3. RESULTADOS DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO⁵

Analizáronse **155** recomendacións contidas nos vinte e tres informes de fiscalización obxecto de seguimento. Todas as recomendacións foron notificadas e contestadas polas entidades e órganos concernidos nos correspondentes informes.

No cadro seguinte detállanse as recomendacións diferenciando as formuladas no exercicio 2022 e as propostas en exercicios anteriores.

⁵ No apéndice 6 xúntase unha análise con máis detalle.



Cadro 1: Recomendacións obxecto de seguimento sector público autonómico

Nº	Informes de fiscalización Eercicio 2022 e anteriores	Número Total de recomendacións obxecto de seguimento		
		Total	Ex. Ant.	Ex. 2022
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2022	18	12	6
2	Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2022	12	7	5
3	Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicio 2022	11	5	6
4	Fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2022	15	13	2
5	Fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Instrumentais. Exercicio 2022	12	12	0
FISCALIZACIÓNS RECORRENTES		68	49	19
6	Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral. Ex. 2014-2016	2	2	0
7	Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS. Ex. 2014-2016	3	3	0
8	Fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS. Ex. 2017	4	4	0
9	Fiscalización do concerto co hospital POVISA.	1	1	0
10	Fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na Admón. Xeral da C.A. Ex. 2017	2	2	0
11	Fiscalización da execución da contratación do SERGAS Exercicios 2012 ao 2017	2	2	0
12	Fiscalización de gastos de persoal da Administración Xeral Exercicios 2014-2019	7	7	0
13	Fiscalización de taxas, prezos públicos e outros ingresos patrimoniais do SERGAS. Ex. 2016-2018	10	10	0
14	Fiscalización do impacto da pandemia COVID-19 no ámbito da contratación do SERGAS	6	6	0
15	Fiscalización dos contratos-programa subscritos entre as Fundacións Sanitarias e o SERGAS	9	9	0
16	Fiscalización sobre a situación financeira dos Consellos Reg. das Denom. de Orixe Xeográfica	7	7	0
17	Fisc. medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do PRT e R. Ex 2021-2022	6	6	0
18	Avaliación dos sist. control interno e prev. de riscos da corrupción na Admón. Xeral. Exercicio 2022	11	11	0
19	Fiscalización da eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas	1	1	0
20	Fiscalización do programa de ordenación e inspección do transporte exercicios 2019-2020	7	0	7
21	Fisc. Exec. Rec. Financ. Eur. prox. 201500069 Conserv., Protec. e Fomento Camiño de Santiago (FEDER 2014-2020)	1	0	1
22	Fisc. Aplicación ingresos Fondo Extraord e xestión econ-financ da pandemia na CA Galicia. Ex. 2021	2	0	2
23	Fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas	6	0	6
FISCALIZACIÓNS NON RECORRENTES		87	71	16
Total fiscalizacións		155	120	35



Dos datos do cadro anterior poden destacarse as seguintes observacións:

- As recomendacións de fiscalizacións recorrentes representan o 43,9% do total, correspondendo o 56,1% restante ás recomendacións de informes específicos ou non recorrentes.
- Respecto dos informes recorrentes as recomendacións do exercicio 2022 representan o 27,9% das totais, sendo o 72,1% restante as recomendacións de exercicios anteriores.
- Pola súa parte, respecto dos informes non recorrentes as recomendacións de exercicios anteriores corresponden a 14 informes e representan o 18,4% das recomendacións propostas. As recomendacións do exercicio 2022 corresponden a 4 informes e supoñen o 81,6% das recomendacións deste tipo de informes específicos.

De seguido amósanse dúas representacións gráficas que evidencian o peso que teñen as recomendacións obxecto de análise sobre o conxunto dos informes recorrentes e non recorrentes.

Gráfico 1. Sector público autonómico. Informes recorrentes. Recomendacións totais do exercicio 2022 e anteriores.





Gráfico 2. Sector público autonómico. Informes non recurrentes. Recomendacións totais do exercicio 2022 e anteriores.



Unha vez examinadas as contestacións efectuadas polas entidades fiscalizadas, o Consello de Contas levou a cabo a avaliación da coherencia e a razoabilidade das mesmas, contando coa colaboración dos auditores responsables dos correspondentes informes de fiscalización, téndose acadado os resultados que se detallan no cadro seguinte.



Cadro 2: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico

Nº	Informes de fiscalización Ex. 2022 e anteriores	Número recomendacións obxecto de seguimento	Grao de cumprimento das recomendacións						
			Non aceptadas Non aplicadas	Non válidas no marco actual. Non aplicadas	Aceptadas				
					Aplicadas	Aplicadas Parcialm.	En proceso de aplicación	Pendientes de aplicar	(*) Non verificadas
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma	18	3	2	0	1	0	12	0
2	Fondos de Compensación Interterritorial	12	3	0	2	0	1	6	0
3	Fondos procedentes da Unión Europea.	11	0	0	1	0	10	0	0
4	Conta Xeral do SERGAS	15	1	1	2	2	3	6	0
5	Entidades Públicas Dependentes	12	2	0	2	3	0	5	0
FISCALIZACIÓNS RECORRENTES		68	9	3	7	6	14	29	0
6	Tesouraría da Admón Xeral	2	0	0	0	0	0	2	0
7	Procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS	3	0	0	1	0	0	2	0
8	Resp. Patrim. SERGAS. Ex. 2017	4	3	0	0	0	1	0	0
9	Concerto co hospital POVISA	1	0	1	0	0	0	0	0
10	Gastos en bens correntes e servizos na Admón. Xeral da C.A.	2	0	1	0	1	0	0	0
11	Execución da contratación do SERGAS Exercicios 2012 ao 2017	2	0	0	0	1	0	0	1
12	Gtos de persoal Admón. Xeral Exercicios 2014-2019	7	0	0	0	1	2	4	0
13	Taxas, prezos públicos e outr ingr. Patrim. SERGAS. Ex. 2016-2018.	10	0	0	3	0	5	2	0
14	Impacto COVID-19 no ámbito da contratación do SERGAS	6	0	0	5	0	1	0	0
15	Contratos-programa subs. entre as Fundac. Sanitarias e o SERGAS	9	0	0	0	0	6	3	0
16	Situación financ. dos Cons. Reg. das Denom. de Orixe Xeográfica	7	0	0	1	0	1	5	0
17	Medidas adopt. ámbito autonóm. para a implem do PRT e R. Ex 2021-2022	6	0	0	0	4	2	0	0
18	Avaliación sist. control interno e prev. riscos corrupción Adm. Xeral. Ex. 2022	11	0	0	0	8	0	1	2
19	Eficiencia da colab. públ-priv nas autovías galegas	1	0	0	0	0	0	0	1
20	Programa ordenación e inspección do transporte exercicios 2019-2020	7	0	2	1	3	1	0	0
21	Exec. Rec. Fin. Eur. 201500069 Camiño Santiago (FEDER 2014-2020)	1	0	0	1	0	0	0	0
22	Aplic ingr FExtr e xestión ec-fin da pandemia na CA Galicia. Ex. 2021	2	0	0	2	0	0	0	0
23	Contas anuais das sociedades mercantís autonómicas	6	2	0	0	0	0	4	0
FISCALIZACIÓNS NON RECORRENTES		87	5	4	14	18	19	23	0
Total		155	14	7	21	24	33	52	0

Cod. Validación: 3THH...
Corrección: https://consellocontasgalicia.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 63 a 274




Das **155** recomendacións analizadas, o Consello de Contas apreciou que 134 foron aceptadas aínda que aplicadas en distintos graos: total ou substancialmente aplicadas 21, que supoñen aproximadamente un 13,6% das recomendacións totais que son obxecto de seguimento. Outras 24 foron avaliadas como parcialmente aceptadas e en proceso de aplicación 33, (un 21,3%), quedando tomadas en consideración pero pendentes de aplicar 52, (un 33,6%).

Na avaliación realizada polo Consello, evidenciáronse 4 contestacións que precisarían da realización dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado, polo que considéranse como non verificadas e serán obxecto dunha avaliación posterior.

Non foron aplicadas por non ter sido aceptadas polas entidades fiscalizadas un total de 21 recomendacións (14 non aceptadas máis 7 non válidas no marco actual), que representan aproximadamente o 13,6% das recomendacións totais.

Das 7 non válidas no marco actual retírase a súa correspondente formulación.


Gráfico 3. Sector público autonómico. Grao de aplicación das recomendacións. Ex. 2022 e anteriores.



Seguidamente detállanse as porcentaxes que representan sobre as 155 recomendacións analizadas, as distintas cualificacións do grao de aceptación e de cumprimento segundo a avaliación levada a cabo polo Consello de Contas.



Gráfico 4. Sector público autonómico. Porcentaxes de aplicación das recomendacións Ex. 2022 e anteriores.





CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>




Cod. Validación: 3THNTEOYKDTFK7GDL9ZWCECJX
Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 66 a 274


APÉNDICES



APÉNDICE 1. ORGANIGRAMA: SECCIÓN DE FISCALIZACIÓN, PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN E AXUIZAMENTO A 31 DE DECEMBRO DO 2024



ORGANIGRAMA DE ADMINISTRACIÓN A 31 DE DECEMBRO DO 2024



Propuesta de REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO relativo a la aceleración de la concesión de autorizaciones para proyectos de preparación en materia de defensa [COM (2025) 821]

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Secretaría de la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 24/2009, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informamos de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: cmue@congreso.es

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/07/2025 12:46:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2025 12:46:54
Nº Rexistro: 28064
Data envío: 01/07/2025 12:46:54.300

CSV: BOPGDSPG-Z2kohw37X-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





COMISIÓN
EUROPEA

Estrasburgo, 17.6.2025
COM(2025) 821 final

2025/0172 (COD)

Propuesta de

REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

**relativo a la aceleración de la concesión de autorizaciones para proyectos de preparación
en materia de defensa**



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA

• Razones y objetivos de la propuesta

La invasión rusa de Ucrania ha subrayado la necesidad de reforzar un mercado de productos de defensa a escala de la UE, que sea capaz de apoyar la preparación en materia de defensa de los Estados miembros frente a las amenazas emergentes para la seguridad. El conflicto en curso ha puesto de manifiesto las vulnerabilidades en el panorama europeo de defensa y ha destacado la importancia de una base industrial de defensa cohesionada y resiliente. Un mercado de defensa de la UE que funcione correctamente es esencial para garantizar que los Estados miembros tengan acceso a las capacidades, las tecnologías y los productos de defensa necesarios para responder eficazmente a los retos actuales y futuros en materia de seguridad.

El impacto del cambiante panorama geopolítico en el mercado de defensa de la UE ha sido significativo, con perturbaciones en las cadenas de suministro, una mayor demanda de productos de defensa y una creciente necesidad de soluciones interoperables e innovadoras. Sin embargo, la legislación vigente que afecta al mercado de defensa de la UE no está adaptada a los retos actuales, lo que dificulta la capacidad de los Estados miembros para responder rápida y eficazmente a las amenazas emergentes. El marco existente, desarrollado en tiempos de paz, suele ser lento para responder a las necesidades urgentes de los Estados miembros, y no proporciona los incentivos necesarios para la inversión en investigación y desarrollo en materia de defensa, en particular para facilitar inversiones por un importe de al menos 800 000 millones EUR durante los próximos cuatro años, como se indica en el Libro Blanco Conjunto «Preparación en materia de defensa europea 2030»¹.

En respuesta a estos retos, la Unión Europea debe adoptar medidas para reforzar el mercado de productos de defensa a escala de la UE, promoviendo una base industrial de defensa más integrada y competitiva. Al crear un mercado de defensa de la UE más sólido y resiliente, y desarrollar la infraestructura necesaria, la Unión Europea puede apoyar la preparación de los Estados miembros en materia de defensa, promover la autonomía estratégica europea y contribuir a un entorno de seguridad europeo más estable y seguro.

La presente propuesta forma parte del paquete omnibus de preparación en materia de defensa. Además de la simplificación de la normativa existente contenida en otros actos, esta propuesta prevé el establecimiento de un procedimiento acelerado específico para la concesión de autorizaciones relacionadas con la preparación en materia de defensa.

• Coherencia con las disposiciones existentes en la misma política sectorial

La propuesta tiene por objeto adaptar las disposiciones por las que se rige el mercado de defensa a escala de la UE al actual escenario de seguridad, introduciendo ajustes específicos que simplifiquen los procedimientos administrativos, reduzcan la burocracia y ofrezcan soluciones más flexibles. Mediante la racionalización de los procedimientos y la reducción de los obstáculos burocráticos, la propuesta pretende crear un mercado de defensa de la UE que sea más ágil y receptivo, y que esté mejor equipado para apoyar los esfuerzos de preparación en materia de defensa de los Estados miembros y promover el desarrollo de una industria europea de defensa competitiva e innovadora.

¹ Libro Blanco Conjunto «Preparación en materia de defensa europea 2030», JOIN(2025) 120 final, de 19 de marzo de 2025.



- **Coherencia con otras políticas de la Unión**

La propuesta contribuye a los objetivos de mejorar las capacidades de defensa de la UE y reforzar su autonomía estratégica, al mismo tiempo que apoya el desarrollo de tecnologías de defensa innovadoras y sostenibles. El procedimiento acelerado de concesión de autorizaciones establecido por la presente propuesta facilitará el rápido despliegue de proyectos de preparación en materia de defensa y las inversiones en defensa previstas por un importe de al menos 800 000 millones EUR en los próximos cuatro años, lo que garantizará que la industria de defensa de la UE pueda responder rápidamente a los retos emergentes en materia de seguridad y contribuir a la protección de los ciudadanos europeos. Al racionalizar el proceso de concesión de autorizaciones, esta propuesta también ayudará a reducir las cargas administrativas y los costes para las empresas de defensa, lo que les permitirá centrarse en satisfacer las necesidades de los Estados miembros de la UE, desarrollar tecnología punta y crear empleo altamente cualificado.

Asimismo, las medidas propuestas contribuirán a la resiliencia y la autonomía estratégica de la UE garantizando la seguridad del suministro de tecnologías clave relacionadas con la defensa, que es crucial para apoyar el desarrollo de las capacidades de defensa de la UE y para el orden público y la seguridad. Al promover el desarrollo de una industria de defensa fuerte e innovadora, la presente propuesta contribuirá a reducir la dependencia de la UE de proveedores de terceros países y a mejorar su capacidad para responder a los retos emergentes en materia de seguridad.

La propuesta es coherente con las políticas de la UE en materia de seguridad, salud y medioambiente, ya que no busca unas normas menos estrictas, sino acelerar los procedimientos. La propuesta se entiende sin perjuicio del nivel de control previsto por los procesos de concesión de autorizaciones aplicables.

2. BASE JURÍDICA, SUBSIDIARIEDAD Y PROPORCIONALIDAD

- **Base jurídica**

La base jurídica de la presente propuesta es el artículo 114 del TFUE. Las medidas propuestas en el presente Reglamento tienen como objetivo preservar el buen funcionamiento del mercado interior, en particular del mercado de defensa a escala de la UE. En vista del contexto geopolítico actual, los Estados miembros de la UE deben aumentar rápidamente su preparación en materia de defensa. A tal fin, se necesitarán inversiones en preparación en materia de defensa para el funcionamiento del mercado de defensa a escala de la UE (tales como plantas de fabricación, instalaciones de pruebas e infraestructuras necesarias). Estos proyectos de desarrollo, destinados a aumentar la preparación en materia de defensa de los Estados miembros o de la UE, requieren la concesión de varias autorizaciones. Si se diese una situación en la que algunas partes del mercado interior gozaran de un proceso de concesión de autorizaciones más corto, se generaría un riesgo grave para el buen funcionamiento del mercado interior. Esta propuesta garantiza que el tratamiento del proceso de concesión de autorizaciones para proyectos de preparación en materia de defensa sea rápido y armonizado en todos los Estados miembros.

- **Subsidiariedad (en el caso de competencia no exclusiva)**

Los Estados miembros no pueden alcanzar por sí solos los objetivos de la propuesta, ya que los problemas son de carácter transfronterizo. La industria de defensa está muy integrada e interconectada, con empresas que operan en varios Estados miembros y dependen de cadenas de suministro complejas que trascienden las fronteras nacionales. Las acciones propuestas se



